



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 28 de xaneiro de 2021(959/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego (online)  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e oito de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(41).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 21 de xaneiro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(42).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL NOS MESES DE OUTUBRO A DECEMBRO DE 2020. EXPTE. 212334/301.**

Dáse conta do informe-proposta do 19/01/21, asinado polo xefe da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: outubro - decembro 2020

DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE	TERCEIRO
29/11/20	Reparación local de Rúa San Vicente	2310-2120000	733,26 €	MARS-S.C.G. MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS
23/10/20	Obras reparación e melloras no CIIES	2310-2120002	18.807,13 €	ANLLAR, MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES.
16/12/20	Obras reparación no tellado do CIIES	2310-2120002	11.040,00 €	ANLLAR, MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES.
27/11/20	Revisión e posta en marcha calefacción no local de Rúa San Vicente	2310-2130001	195,97 €	CALOR Y AMBIENTE, S.L.
15/12/20	Menaxe de comedor e cociña, lencería de hixiene para o CIIES	2310-2219900	4.930,76 €	EQUIP-HOTEL-VAJILLA HOTELERA, S.L.
16/12/20	Roupa de Cama CIIES	2310-2219900	10.344,86 €	JUAN ENRIQUE FERNANDEZ VAZQUEZ
14/12/20	Suministro e Instalación de Vinilos en CIIES	2310-2219900	893,19 €	VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD, S.L.
15/12/20	Taxeta camaras de seguridade do CIIES	2310-2219900	1.205,16 €	PROTESE, S.L.
16/12/20	Bombillas, tubos Led para o CIIES	2310-2219900	1.179,24 €	ORVILUX ELECTRICIDAD, S.L.
30/10/20	Notificacións de postais de programas	2310-2230000	4.706,90 €	CORREO-INTELIGENTE POSTAL, S.L.
20/10/20	Informes Técnicos para avaliación de vivendas programa Mellora Fogares	2310-2279900	4.900,50 €	ORLANDO ABILDUA CAPETILLO
16/12/20	Asistencia técnica integración cita previa na plataforma corporativa	2310-2279900	16.940,00 €	IMATIA INNOVACIÓN S.L.
09/10/20	Traslado arquivos, mobiliario e enseres CMSS Princesa	2310-2279905	2.175,58 €	MARS-S.C.G. MANTENIMIENTO, RECUPERACIÓN Y SERVICIOS
03/11/20	Desenvolvemento programa Cine e Saúde	2310-2279908	9.894,50 €	CULTURALIA, INICIATIVAS CULTURALES-PEDAGÓGICAS
01/11/20	Actualización e ampliación do sitio web do PLDA	2310-2279908	7.005,90 €	ALEN MULTIMEDIA, S.L.L
30/11/20	Desenvolvemento de accións corporativas do PLDA	2310-2279908	12.296,87 €	JULINDA MOLARES CARDOSO
13/10/20	Subministro mascarillas quirurxicas e FFP2	2310-2279910	5.504,89 €	ANA MARIA COSTAS CARBAJAL
19/10/20	Subministro mámparas metracrilato	2310-2279910	984,65 €	CORPORACION DE COMUNICACIONES, S.L.
27/11/20	Instalación de porteiro automático no portalón do CIIES	2310-6220002	603,79 €	PUERTAS DEL ATLANTICO, S.L.
15/12/20	Subministro de literas e colchóns	2310-6250000	11.721,37 €	JUAN ENRIQUE FERNANDEZ VAZQUEZ
17/12/20	Cadeira ergonómica	2310-6250000	426,89 €	OFI-CENTER SUMINISTROS, S.L.



## Concello de Vigo

23/10/20	Catro ordenadores para o CIIES	2310-6260001	2.011,02 €	ELECTRODOMESTICOS SERVICER, S.L.
08/10/20	Dos deshumificadores	2310-6290000	1.171,28 €	MONTE, COMERCIAL TECNICAS DE OFICINAS, S.L.
23/10/20	Televisión para o piso Vida autónoma	2310-6290000	429,01 €	ELECTRODOMESTICOS SERVICER, S.L.
23/10/20	Equipamento audiovisual	2310-6290000	1.748,45 €	AUDIOVISUALES CODEC, S.L.
24/11/20	Lavadora e secadora para o CIIES	2310-6290000	1.228,00 €	ELECTRODOMESTICOS SERVICER, S.L.
10/12/20	Lalalouzas e cafeteira industrial para o CIIES	2310-6290000	3.913,25 €	COMERCIAL MARQUES GALICIA, S.L.
15/12/20	Placas sinaléticas do CIIES e edificio na Rúa San Vicente	2310-6290000	4.204,56 €	VISUALIZA DISEÑO Y ROTULACIÓN, S.L.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **3(43).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DO SERVIZO DE TAREFAS AUXILIARES DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE NOS MERCADILLOS E OUTROS EVENTOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 7516/106.**

Visto o informe xurídico do 22/12/2020 e o informe de fiscalización do 14/01/21, dáse conta do informe-proposta do 18/12/2020, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014

Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña ó Real decreto legislativo 3/2011.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Mediante resolución de data 25/09/2020 o concelleiro delegado do Servizo de Comercio acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto do servizo de tarefas de auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo.

**Segundo.-** No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato de data 25/09/2020 asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo xefe do Servizo de Comercio.
- Resolución do concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 17/11/2020 pola que se autoriza o inicio da tramitación do expediente de contratación.
- Memoria económica do contrato asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo de Comercio. e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais con data 17/11/2020.
- Documento económico (RCFUT), asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención con data 18/11/2020.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo xefe do Servizo de Comercio con data 01/12/2020.
- Memoria xustificativa do contrato asinada polo xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais con data 01/12/2020.
- Informe favorable ao expediente de contratación asinado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación de data 7/12/2020.
- Prego de cláusulas administrativas particulares, rectificado a proposta da Intervención Xeral, para a contratación polo procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo asinado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación con data 07/12/2020.

**Terceiro.-** O presente contrato está incluído na programación municipal 2020 aprobado pola Xunta de Goberno de data 27/12/2019

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación de acordo co disposto no art 116 LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2015 nos concelleiros de Área. O concelleiro de Comercio en resolución de data 25/09/2020 autorizou o inicio deste expediente de contratación, previa xustificación da necesidade de data 25/09/2020 conforme ao art. 28 da LCSP.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais e polo xefe do Servizo de Comercio, e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral-Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación.

**Terceiro:** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

**Cuarto.-** : En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, emitírase informe favorable pola Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Quinto.-** No 116.3 da LCS establécese que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento xunto co informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Sexto.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación conforme ao artigo 117LCSP e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo**, segundo as condicións aprobadas no referido prego de prescricións técnicas particulares de data 01/12/2020, así como **aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento** asinado en data 07/12/2020.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de 69.998 euros (cun IVE incluído 21% de 12.148,41 euros); dos cales 29.240,50 euros corresponden á anualidade 2021 con cargo á partida orzamentaria 4313 2279900 (CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS), e 34.999 euros á anualidade 2022 e 5.758,50 euros á anualidade 2023.

**TERCEIRO.-** Dispoñer a apertura do procedemento de licitación polo procedemento aberto e trámite ordinario conforme ao previsto na LCSP.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(44).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAL DE PROTECCIÓN FRONTE AO RISCO DO VIRUS COVID 19 DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 6527/241.**

Visto o informe xurídico do 25/01/21 e o informe de fiscalización da mesma data, dáse conta do informe-proposta do 22/01/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral (por autorización da xefa de Contratación) dúas técnicas do Servizo de Prevención Riscos Laborais, a concelleira-delegada de Contratación, a concelleira-delegada de Organización Municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1º.- En data 17 de decembro de 2020, asínase pola xefa do Servizo de Contratación, ás técnicas de prevencións de riscos laborais e a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, informe de necesidade para a contratación do subministro de material de protección fronte ao risco do virus covid-19 do persoal municipal do Concello de Vigo, en cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017 e a resolución das concelleiras delegadas que inicia o expediente (artigo 116 LCSP) de data 17/12/2020, en uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (apartado 4 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público -LCSP- e acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019).

3º.- No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de prevención de riscos laborais coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 17 de decembro de 2020 e a resolución de inicio do expediente de contratación asinado pola concelleira delegada de Contratación e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 17 de decembro de 2020.
- Memoria económica asinado pola xefa do servizo de Contratación e a técnica de prevencións de riscos laborais coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 23 de decembro de 2020.
- Documentos económicos de retención de crédito asinados na data 5 de xaneiro de 2021.



## Concello de Vigo

- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas particulares de data 8 de xaneiro de 2021 sobre cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso dos licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Prego de prescricións técnicas asinado pola xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de prevención de riscos laborais de data 8 de xaneiro de 2021.
- Memoria asinada pola técnica de administración xeral, a xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de prevención de riscos laborais coa conformidade coa conformidade da concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal e a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data 8 de xaneiro de 2021.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 14 de xaneiro de 2021.

### NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros de área por acordo da Xunta de Goberno local de data 20 de xuño de 2019.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Nas memorias xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP ); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto a elección do procedemento aberto

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Octavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP).

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

#### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria, do subministro de material de protección fronte ao risco do virus COVID-19 do persoal municipal do Concello de Vigo

**Segundo.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral de data 22 de xaneiro de 2021.

**Terceiro.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación e as técnicas de prevención de riscos laborais de data 8 de xaneiro de 2021..

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total de **DOUSCENTOS NOVE MIL NOVECENTOS VINTE E SESENTA E DOUS CÉNTIMOS (209.920,62 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 27.173,46 euros, e sendo o reparto por lotes o seguinte:





## Concello de Vigo

- **Lote 1 Material de protección individual e sanitario de uso xeral: máscaras hixiénicas desbotábeis, máscaras PS e EPI protección das mans (luvas desbotables):** SESENTA E TRES MIL SETECENTOS NOVENTA E CATRO E SETENTA E SETE CÉNTIMOS (63.794,77 €), cun IVE de 6.335,44 €.
- **Lote 2: Material de protección individual:EPI Protección das vías respiratorias (máscaras) e EPI, protección dos ollos (pantallas):** SESENTA E SETE MIL DOUSCENTOS SESENTA E DOUS E NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (67.262,95 €), cun IVE de 8.911,20 €.
- **Lote 3: Material de hixiene e desinfección: xel desinfectante de base hidroalcohólica e toallitas desbotables impregnadas con solución desinfectante:** SETENTA E OITO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS E NOVENTA CÉNTIMOS (78.862,90 €) cun IVE de 11.926,82€.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes partidas orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Exercicio	Importe
Policía Local	1320.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	58.202,84 €
Seguridade e mobilidade	1330.2219902 e a súa bolsa de vinculación	2021	9.585,52 €
Extinción de incendios (SEIS)	1360.2219901	2021	6.983,22 €
Vías e Obras	1532.2219902 e a súa bolsa de vinculación	2021	13.009 €
Ceminterios	1640.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	2.930,7 €
Parques e Xardíns	1710.2219902	2021	5.509,11 €
Emprego	2410.2219901	2021	12.505,4€
B. Social	2310.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	9.601€
Museos	3330.2219901	2021	2.000,7€
Cultura	3340.2219901	2021	1.856,09€
P. Histórico	3360.2219901	2021	597,51€
Deportes	3410.2219901 e a súa bolsa de vinculación	2021	2.377€
Deportes IMD	3420.2219901	2021	10.000€
Educación	3230.2219901	2021	6.648,7 €
Organos de goberno	9120.2219901	2021	4.811,21 €

Administración Xeral para o resto dos servizos internos	9200.2219903 e a súa bolsa de vinculación	2021	62.204,62
Voluntariado	9251.2219900	2021	1.098 €
TOTAL			209.920,62 euros

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(45).-RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA A NON ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA A XESTIÓN DO ESPAZO DE USOS MÚLTIPLES VIGOSÓNICO. EXPTE. 8922/336.**

Dáse conta do informe-proposta do 25/01/2021, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de Administración local de Galicia (LALGA)
- Real decreto do 24 de xullo de 1889, texto da edición do Código Civil (CC)
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación, por procedemento aberto, da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas particulares que rexe a contratación, por procedemento aberto, da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (PPT)



## Concello de Vigo

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** En data 6 de febreiro de 2020, a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación dos servizos de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico (expediente 8.922-336), a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación.

**Segundo.-** O 11 de febreiro de 2020 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo. Durante o prazo de presentación de ofertas presentaron oferta os seguintes licitadores:

- ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.
- XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.

Os dous resultaron admitidos no procedemento na sesión da Mesa de contratación de data 12 de marzo de 2020.

**Terceiro.-** O 28 de abril de 2020, a concelleira delegada de Contratación, resolveu:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP “A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	94,5 puntos

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Cuarto.-** Na sesión que tivo lugar o 7 de maio de 2020 a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, formulou a seguinte proposta ao órgano de contratación:

1. *“Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo*

*motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP "A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC.*

2. *Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681) o procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 339.154,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.832,20 euros.*
  - b) *Propón a realización de 4 actuacións en directo (mínimo de 3 grupos) na cidade, preferentemente en época estival.*
  - c) *Propón a realización de 200 horas de formación musical realizadas por profesionais externos (superior ao mínimo esixido de 250 horas anuais).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**Quinto.-** D. Xosé Ares González, en representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., mediante escrito presentado o 26 de maio no Rexistro Electrónico do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, interpuxo recurso especial en materia de contratación contra o acordo da Mesa de Contratación adoptado na sesión de 28 de abril de 2020, de exclusión do citado procedemento.

**Sexto.-** Mediante resolución nº 72/2020 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia desestimou o recurso nº 71/2020, interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., contra a exclusión da súa oferta neste procedemento. A Xunta de Goberno local tomou coñecemento desta resolución na sesión do 11 de xuño de 2020.

**Sétimo.-** Mediante escritos de data 10 de xullo de 2020 (documento nº 200124444), 1 de setembro de 2020 (documento nº 200156312) e 3 de novembro de 2020 (documento nº 200200091) ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. solicitou deste Concello que procedese á adxudicación do contrato.

**Oitavo.-** O 23 de novembro de 2020 a xefa do Servizo de Xuventude, coa conformidade da concelleira delegada, emite informe no que indica "*polas razóns puramente de interese público, derivada exclusivamente da situación actual da pandemia ocasionada pola COVID-19, este Servizo de Xuventude, considera conveniente:*

1. *Non adxudicar o contrato de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil, a fin de axustarse á legalidade vixente na actualidade no tocante aos Protocolos COVID establecidos.*



## Concello de Vigo

### 2. *Anular a autorización de gasto do preste expediente*”.

**Noveno.-** Previo informe do Servizo de Contratación e coa fiscalización da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local, na sesión que tivo lugar o 26 de novembro de 2020 adoptou o seguinte acordo:

*“1º.- Decidir non adxudicar o contrato de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (expte. 8.922-336) polas razóns expostas no fundamento de dereito segundo deste informe.*

*2º.- Notificar este acordo ao á Comisión Europea (artigo 152.1 da LCSP), aos licitadores presentados, ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. e XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., e publicalo no perfil de contratante”.*

Este acordo foi notificado aos licitadores presentados no procedemento o 3 de decembro de 2020, previa publicación no perfil de contratante.

**Décimo.-** En data 8 de decembro de 2020, D. Xosé Ares González, actuando en nome e representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (documento nº 200258466), interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local do 26 de novembro de 2020 pola que decide non adxudicar este contrato.

**Décimo primeira.-** A pedimento do Servizo de Contratación, o 18 de decembro de 2020 a xefa do Servizo de Xuventude emite informe en relación co recurso de reposición co seguinte teor literal:

### **“ANTECEDENTES**

*Con carácter previo á secuencia de feitos do procedemento de licitación obxecto do recurso de reposición (Exp. 8922-336), procédese a expoñer os antecedentes dun anterior contrato co mesmo obxecto ao que está vinculado a empresa que presenta o recurso de reposición, ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., como adxudicataria do mesmo xa que a maioría das alegacións efectuadas no escrito de interposición do recurso de reposición fan referencia á subrogación do persoal adscrito ao primitivo contrato.*

### **Feitos do contrato primitivo 3927/336:**

**Primeiro.-** *En data 13 de setembro de 2013 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) do Concello de Vigo aprobou o expediente de contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico (expediente 3927-336), autorizou o gasto e acordou a apertura da licitación. Este acordo foi obxecto dunha corrección de erros en sesión de 27 de setembro do mesmo ano.*

**Segundo.-** *En data 28 de febreiro de 2014 a XGL adxudicou este contrato a ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., por un prazo de 4 anos, con dúas posibles prórrogas dun ano cada unha. O contrato formalizouse en data 20 de abril de 2014-*

**Terceiro.-** En datas 22 de febreiro de 2018 e 7 de febreiro de 2019 a XGL aprobou as prórrogas deste contrato, finalizando a última en data 20 de marzo de 2020.

**Cuarto.-** Uns días antes ao remate do contrato, en concreto o día 12 de marzo de 2020, o Concello de Vigo, ditou resolución na que, entre outras medidas, acórdase o peche ao público de todas as instalacións municipais. En resolución da mesma data amplíase o acordo a todas as áreas de xogo infantil, zonas de ocio, tempo libre...e outras.

Estas medidas foron confirmadas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia como consecuencia da evolución da epidemia da COVID-19.

**Quinto.-** Mediante Real Decreto 463/220, de 14 de marzo, declárase o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. O RD-Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, regula no seu artigo 34 as medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19. Esta norma é modificada polo Real Decreto-Lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19.

**Sexto.-** Unha vez finalizado o contrato o 20 de marzo de 2020 o contratista presenta a factura correspondente a parte proporcional do mes de marzo (20 días de contrato) a cal foi abonada polo Concello de Vigo o día 14 de abril de 2020.

**Sétimo.-** D. Xosé Ares González en calidade de administrador da empresa adxudicataria Atlantic Ponte 2000, S.L.U. solicita mediante escrito presentado o 26/03/2020 no Rexistro electrónico do Concello de Vigo a declaración de imposibilidade total de execución do contrato e a indemnización procedente de conformidade co procedemento regulado no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Esta solicitude é obxecto de aclaración en data 3 de abril do mesmo ano.

**Oitavo.-** En data 28 de maio de 2020, a XGL acorda desestimar as alegacións presentadas polo representante da empresa ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U, así como denegar a solicitude de declaración de imposibilidade total de execución do contrato de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico, baseada na presentación da solicitude cando o contrato tiña finalizado o seu prazo.

### **Feitos do procedemento de contratación obxecto deste recurso 8922/336**

**Primeiro.-** Con anterioridade a finalización do anterior contrato (expte 3927-336), dende o Servizo de Xuventude iníciase un novo contrato para o mesmo centro Vigosónico denominado "xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO e o desenvolvemento das accións relacionadas coa actividade musical e outras disciplinas artísticas e coa actividade de dinamización xuvenil" con número de expediente 8922-336.



## Concello de Vigo

*Trátase dun contrato de servizos licitado por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación e un valor estimado de 572.557,64 euros (ive excluído) e suxeito a regulación harmonizada.*

**Segundo.-** *En data 6 de febreiro de 2020, a XGL aproba o expediente de contratación e acorda a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista.*

**Terceiro.-** *En data 11 de febreiro de 2020 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial da UE e no perfil do contratante do Concello de Vigo, publicándose na citado perfil os pregos.*

*No anuncio desta contratación aparece a súa tramitación electrónica, aos efectos do Real Decreto-lei 17/2020, de 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19.*

*A dicha licitación concorreron 2 empresas, unha delas a agora recorrente ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U e a outra XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.*

**Cuarto.-** *Na cláusula 16 E) do Anexo I do PCAP, relativo ás Follas de características do contrato (FEC) contemplábase a obrigación de subrogación dos/as traballadores/as, en aplicación do artigo 130.2 da LCSP, toda vez que a empresa que viña efectuando a prestación obxecto do contrato (ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U) encóntrase incluída no ámbito de aplicación do II Convenio colectivo marco estatal de ocio educativo e animación sociocultural de aplicación ao contrato, en concreto o artigo 38 denominado dereito de subrogación. Á súa vez no Anexo I do PPT indicábase a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores, facilitada pola empresa saínte "Atlantic Ponte 2000, SLU".*

**Quinto.-** *En data 28 de abril de 2020, a Mesa de contratación acorda a exclusión de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2 B) do PCPA e realiza a proposta de adxudicación do contrato a favor da empresa XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.*

**Sexto.-** *En data 29 de abril de 2020, a concelleira delegada de contratación, por delegación da XGL, acorda, tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de contratación e requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente a documentación no prazo de 10 días hábiles.*

*Esta resolución foi notificada a citada empresa o día 29 de abril, que presenta a documentación requirida o 4 de maio de 2020, dentro do prazo concedido.*

**Sétimo.-** *A Mesa de Contratación na sesión de 7 de maio de 2020, formulou ao órgano de contratación proposta de adxudicación a favor da empresa XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL S.L.*

**Oitavo.-** *O 26 de maio de 2020 a empresa excluída ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U presenta recurso especial en materia de contratación contra a decisión de excluíla da licitación, e solicita como medida provisional a suspensión do procedemento. En data 2 de xuño de 2020 o TACGal, resolve adoptar a medida cautelar solicitada.*

**Noveno.-** En data 8 de xuño de 2020, o TACGal ditou Resolución (nº 72/2020) na que tras expoñer os antecedentes de feito e fundamentos de dereito resolve “Desestimar o recurso interposto por ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. contra a exclusión da súa oferta na contratación da prestación do servizo., e levantar a suspensión acordada”.

Esta resolución deveu definitiva, xa que a entidade ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. non interpuxo o recurso perante a Sala do contencioso-administrativo.

**Décimo.-** Con data 26 de novembro de 2020 a XGL dita resolución pola que se acorda a decisión de non adxudicar o contrato que se está a tramitar de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO, en base a razóns puramente de interese público debidamente xustificadas no expediente, derivadas exclusivamente da situación actual da pandemia ocasionada pola COVID-19.

En o pé da citada Resolución indicábase a posibilidade de interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo.

Contra a anterior Resolución da decisión de non adxudicar o contrato, D. Xosé Ares en representación da empresa ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U, interpón recurso de reposición perante a XGL en data 8 de decembro de 2020.

## **FUNDAMENTO DE DEREITO**

**Primeiro.** O recurso interponse contra o acordo da decisión de non adxudicar o contrato de xestión do centro de usos múltiples VIGOSÓNICO, acordado ao amparo do artigo 152 da LCSP, acto susceptible de recurso potestativo de reposición conforme ao artigo 44.6 da LCSP.

**Segundo.-** O presente recurso interponse ante a Xunta de Goberno Local, por ser o órgano que ditou a resolución aquí recorrida, que é o competente para resolvelo de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

**Terceiro.** A recorrente non ostenta a lexitimación esixida no artigo 48 da LCSP para interpoñer o recurso potestativo de reposición contra o acordo da XGL de 26 de novembro de 2020, no que se adoptou a decisión de non adxudicar o contrato de servizos de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico, xa que previamente a que se ditase esta, a empresa xa resultara excluída do procedemento mediante a Resolución do TACGal nº 72/2020, de 8 de xuño de 2020.

O artigo 48 da LCSP dispón: “Poderá interpoñer o correspondente recurso especial en materia de contratación toda persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos víronse prexudicados ou poidan resultar afectados polas decisións obxecto de recurso”.

No presente caso, o interese do recorrente non reside en que se anule a resolución obxecto deste recurso na que se acordou a decisión de non adxudicar o contrato, toda vez que pre-





## Concello de Vigo

*viamente xa estaba definitivamente excluído do procedemento, se non que, segundo indica no seu recurso, o seu interese é sobre as consecuencias laborais d persoal de subrogación, adscrito ao primitivo contrato e as expectativas futuras ante un eventual contrato posterior.*

*É consolidada a doutrina que afirma que para que poida considerarse, en termos xeral que concorre o interese lexítimo é mester que a resolución administrativa impugnada poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de modo efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na correspondente esfera xurídica do que recorre. As manifestacións alegadas no recurso refírense as expectativas que ten sobre o persoal adscrito ao primitivo contrato no hipotético caso de adxudicación do mesmo á nova empresa.*

*Resulta evidente que desde o 8 de xuño de 2020 a empresa ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U está fora do procedemento de licitación, expediente 8922/336, por quedar excluída deste procedemento mediante acordo da Mesa de contratación de data 07/05/2020, acordo recorrido polo representante da citada empresa ante o tribunal administrativo de contratación de Galicia (TACGal) e que foi desestimado por resolución de data 08/06/2020, sendo a exclusión firme por non ser recorrida ante a Sala do contencioso-administrativo pola citada empresa.*

*No mesmo sentido pronúncianse numerosas resolucións da Xunta Consultiva de Contratación que acollen a doutrina do Tribunal Administrativo Central do Recursos Contractuais (TACRC) respecto da lexitimación do licitador que fose excluído do procedemento de licitación.*

*Resulta ilustrativa a resolución nº RES 13/2019 e as citadas na mesma da Xunta Consultiva de Contratación, na que se analiza a lexitimación do licitador excluído. Aínda que non é idéntico o suposto, si que pode estenderse a súa análise e conclusión ao presente caso.*

*“O licitador carece de lexitimación activa para recorrer o acto de adxudicación cando fose excluído do procedemento de contratación, por razón da imposibilidade de resultar adxudicatario, cando tal acto de exclusión fose notificado, non no acordo de adxudicación, senón con anterioridade de forma separada. Nesta liña, a imposibilidade de resultar adxudicatario do contrato sí que e determinante da ausencia de lexitimación. De feito, o estar excluído do procedemento de licitación, carece de obxecto a súa pretensión”.*

*Tamén a resolución do TACGal nº 75/2018, de 20 de setembro de 2018, sobre a lexitimación sinala “con carácter xeral non procede que por un licitador xa excluído se impugnen actos posteriores ditados no procedemento de adxudicación”.*

*Así mesmo, o criterio exposto é o que reflicta a xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 21.12.2016, asunto C-355/15 e a de 11.05.2017, C-131/16.*

**Cuarto.** *No obstante, o anterior, procedese a analizar outros aspectos e motivos alegados polo recorrente nos que se sustenta o escrito do recurso de reposición.*

*No presente caso, o recurso de reposición diríxese contra o acordo da XGL da decisión de non adxudicar o contrato por razóns de interese público por mor da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19, sendo a consecuencia derivada do acordado, a per-*

da sobrevenida do obxecto do recurso interposto, dado que a decisión de non adxudicar o contrato pon fin a licitación.

Sen embargo, o escrito de impugnación contén unha exposición sobre outras cuestións relacionadas co contrato de servizos anterior alleo ao que é obxecto do recurso de reposición.

É oportuno recordar que o suposto que, en términos xerais, nos plantexa a entidade recorrente, refírese a existencia dun contrato de servizos inicial e unha nova licitación dun contrato co mesmo obxecto en que pode existir un novo contratista ao que afecte a obrigaón de subrogación tratada no artigo 130.1 da LCSP.

Formula o recorrente diversas cuestións respecto á aplicación dos artigos 130 da LCSP e 38 do II Convenio colectivo marco estatal do sector ocio educativo e animación sociocultural relativos a Información sobre as condicións de subrogación do persoal.

Manifesta a recorrente Atlantic Ponte que nos pregos recóllese de forma expresa a obriga de subrogar ao persoal adscrito ao servizo sustanciada no artigo 38 do citado Convenio.

Así mesmo, sostén o recorrente que o Concello de Vigo debe declarar e decidir no marco deste procedemento sobre os extremos relacionados coa subrogación dos traballadores do contratista saínte Atlantic Ponte:

- Consecuencias laborais para o Concello e para os traballadores.
- Que resolva expresamente sobre o tratamento que lle vai a dar as obrigas convencionais recollidas no artigo 38 do Convenio colectivo marco estatal de ocio educativo e animación sociocultural, no caso de iniciar un novo procedemento de licitación do servizo.
- Que decida sobre a subrogación do persoal no caso de que a reapertura ou reinicio do servizo se produza no prazo dun ano dende o peche anterior.

Partindo do anterior convén analizar o contido do artigo 130 da LCSP. Sinala este precepto, no que aquí interesa, o seguinte:

Cando o adxudicatario teña a obrigaón de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, "os servizos dependentes do órgano de contratación deberán facilitar aos licitadores, no propio prego, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir unha exacta avaliación dos custos laborais que implicará tal medida" (art. 130.1, primeiro parágrafo). A tales efectos, continúa sinalando a norma, "a empresa que viñese efectuando a prestación obxecto do contrato para adxudicar e que teña a condición de empregadora dos traballadores afectados estará obrigada a proporcionar a referida información ao órgano de contratación, a requirimento deste".

No mesmo sentido maniféstase o artigo 38 do Convenio colectivo do sector de ocio educativo e animación sociocultural, indicando que "A administración pública que pretenda adxudicar a xestión dun centro, servizo ou programa mediante concurso público ou calquera outro medio de adxudicación, deberá reflectir no correspondente prego de condicións ou documento que recolla as bases para a adxudicación do contrato, a existencia da subrogación



## Concello de Vigo

*prevista neste artigo e a listaxe de traballadores afectados, incluíndo as condicións económicas e laborais dos mesmos”.*

*Así mesmo, o citado artigo 38 continúa sinalando que “Con todo, se posteriormente a empresa principal decide volver a externalizar o servizo e o fai no prazo dun ano desde a decisión anterior, os traballadores/as da empresa saínte deben ser subrogados pola entrante, ou a entrante deberá abonar á saínte as indemnizacións que a saínte tería que abonar por causa de extinción de contrato dos traballadores/as que non fosen subrogados.*

*Á vista dos anteriores artigos cabe concluír que:*

*a) A subrogación ten natureza convencional, sendo a súa orixe o Convenio Colectivo do sector que resulte de aplicación, neste caso o Convenio colectivo do sector ocio educativo e animación sociocultural, o cal determinará os supostos, condicións e requisitos que deben cumprirse para que poida operar a subrogación empresarial, así como a súa forma de acreditación.*

*b) A carga imposta pola normativa contractual ao poder adxudicador límitase á obligación de facilitar información aos licitadores sobre os termos e condicións da subrogación, datos que han de ser facilitados polo actual adxudicatario en aplicación do artigo 130 do LCSP.*

*c) A información que se facilite sobre a subrogación nos pregos non resulta vinculante para a partes da relación laboral, dado que a subrogación é un instrumento xurídico que opera nun ámbito alleo á contratación pública, sendo a normativa laboral (no sentido máis amplo) a que regula o réxime de subrogación empresarial e será ante esa xurisdición onde deban ventilarse as controversias que suscite a súa aplicación entre as partes (empresario saínte, empresario entrante e traballadores vinculados).*

*d) Por último, a renuncia, a diferenza do desestemento, supón un cambio na vontade da Administración de contratar a prestación, por razóns de interese público e, por iso, é un acto de contido discrecional. Ha de ser acordado antes da formalización do contrato, para evitar lesionar dereitos e non meras expectativas, e precisamente polo seu carácter discrecional o artigo 152.3 da LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes no procedemento de adxudicación, a prohibición ao órgano de contratación de promover unha nova licitación do obxecto do contrato en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a renuncia. No presente caso, mentres subsista a situación epidemiolóxica derivada da COVID-19, esta administración non pode promover unha nova licitación por imperativo do citado artigo.*

**Quinto.-** *O recorrente no motivo segundo do escrito do recurso fai constar que a Mesa de contratación ditou proposta de adxudicación o 7 de maio de 2020 a favor de XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., e que o artigo 150.3 da LCSP establece que a Administración debe adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes ao da recepción da documentación.*

*Con respecto a este punto hai que sinalar que o procedemento estivo suspendido polo TAGal ata o mes de xuño (08/06/2020) no que ditou a resolución desestimando o recurso especial interposto pola aquí recorrente en representación de ATLANTIC PONTE 2000, SLU contra a exclusión da súa oferta na contratación, así como levantar a suspensión do procedemento acordada no seu día.*

*As razóns da decisión de non adxudicar o contrato nas datas seguintes son as expostas e debidamente fundamentadas na resolución aquí recorrida, ditada pola XGL pola que se acorda a decisión de non adxudicar o contrato a fin de axustarse á legalidade vixente no tocante aos Protocolos COVID-19 establecidos”.*

**Décimo segunda.-** Con data do 25 de xaneiro de 2021 deuse traslado do recurso de reposición a o outro interesado no procedemento, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., que presenta escrito o mesmo día manifestando a súa intención de non formular alegacións.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### **Obxecto do recurso de reposición**

É obxecto desta impugnación acordo da Xunta de Goberno local de data 26 de novembro de 2020, polo que se acorda a decisión de non adxudicar o contrato de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336).

**-II-**

### **Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso**

O recurso de reposición é un recurso administrativo ordinario que procede interpoñer contra os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa (artigo 112.1 LPAC).

En primeiro lugar, é preciso analizar se concorren neste recurso os requisitos obxectivos, subxectivos, formais e temporais para a súa admisión, ou pola contra, concorre unha causa de inadmisión.

Son causas de inadmisión dos recursos administrativos (artigo 116 LPAC):

- a) Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencese a outra Administración Pública.
- b) Carecer de lexitimación o recorrente.
- c) Trátase dun acto non susceptible de recurso.
- d) Transcorrer o prazo para a interposición do recurso.
- e) Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles de recurso de reposición os actos que poñan fin á vía administrativa (artigo 123.1 LPAC), sendo tales (artigo 114 LPAC):

- a) As resolucións dos recursos de alzada.



## Concello de Vigo

- b) As resolucións dos procedementos de impugnación a que se refire o artigo 112.2.
- c) As resolucións dos órganos administrativos que carezan de superior xerárquico, salvo que unha Lei estableza o contrario.
- d) Os acordos, pactos, convenios ou contratos que teñan a consideración de finalizadores do procedemento.
- e) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial, calquera que fose o tipo de relación, pública ou privada, de que derive.
- f) A resolución dos procedementos complementarios en materia sancionadora aos que se refire o artigo 90.4.
- g) As demais resolucións de órganos administrativos cando unha disposición legal ou regulamentaria así o estableza.

Así mesmo, o recurso deberá fundamentarse en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da LPAC (artigo 112.1 LPAC).

Son nulos de pleno dereito os seguintes actos administrativos (artigo 47.1 LPAC):

- a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
- b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio
- c) Os que teñan un contido imposible
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta
- e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquiren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para o seu adquisición
- g) Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal

Son anulables os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder (artigo 48.1 LPAC). Con dúas excepcións:

- O defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formais indispensables para alcanzar o seu fin, ou de lugar á indefensión dos interesados (artigo 48.2 LPAC).
- A realización de actuacións administrativas fóra do tempo establecido para elas só implicará a anulabilidade do acto cando así o impoña a natureza do término ou prazo (artigo 48.3 LPAC).

Dado que os acordos do órgano de contratación poñen fin á vía administrativa por carecer de superior xerárquico, a resolución impugnada é un acto recorrible en reposición (artigo 114.c LPAC).

Respecto aos **requisitos formais**, a lei determina que o recurso poderá interperse ante o órgano que ditou o acto que se impugna (artigo 123.1 LPAC), e esixe que o escrito de interposición do recurso exprese as seguintes circunstancias (artigo 115.1 LPAC):

- O nome e apelidos do recorrente, así como a súa identificación persoal.

- O acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- Lugar, data, sinatura do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinale a efectos de notificacións.
- Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- As demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas.

Circunstancias que concorren neste caso.

Respecto dos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo para a interposición do recurso de reposición dun mes, se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 124.1 LPAC). Dado que o obxecto do recurso é unha resolución de data 26 de novembro de 2020, que lle foi notificada ao licitador en data 3 de decembro, a interposición do recurso de reposición en data 8 de decembro de 2020 realizouse en prazo.

En canto aos **requisitos subxectivos**, poderá recorrer en reposición calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos se viran prexudicados ou poidan resultar afectados polos actos obxecto de recurso (artigo 4.1.a LPAC).

Na liña do informado sobre este aspecto pola xefa do Servizo de Xuventude de data 18 de decembro de 2020, o propio Tribunal Constitucional precisou que a expresión «interese lexítimo», aínda cando sexa un concepto diferente e máis amplo que o de «interese directo», debe entenderse referida a un interese en sentido propio, cualificado ou específico (sentenza do Tribunal Constitucional 257/1989, do 22 de decembro).

A doutrina do Tribunal Supremo insiste na relación unívoca entre o suxeito e o obxecto da pretensión (acto impugnado) coa que se define a lexitimación activa que comporta que a anulación do acto impugnado produza de modo inmediato un efecto positivo (beneficio) o evitación de un efecto negativo (prexuízo) actual ou futuro, pero certo e presupon que a resolución administrativa poida repercutir, directa ou indirectamente, pero de xeito efectivo e acreditado, é dicir, non meramente hipotético, potencial e futuro, na esfera xurídica de quen alega a súa lexitimación, e en todo caso, ha ser certo e concreto, sen que baste, por tanto, a súa mera invocación abstracta e xeral ou a mera posibilidade do seu acaecemento (SSTS do 4 de febreiro de 1991, do 17 de marzo e 30 de xuño de 1995 e 12 de febreiro de 1996, 9 de xuño de 1997 e 8 de febreiro de 1999; SSTC 60/1982, 62/1983, 257/1988, 97/1991, 195/1992, 143/ e ATC 327/ 1997)."

O Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, na súa resolución nº 1130/2018 (recurso nº 1151/2018) establece *"para determinar se nun asunto concreto concorre o requisito da lexitimación no reclamante ha terse en conta que, aínda que a doutrina xurisprudencial no ámbito administrativo considera o concepto de interese lexítimo con criterios amplos, tal interese ha ser propio e ir más alá da mera defensa da legalidade"*.

Na súa resolución nº 37/2019 (recurso nº 833/2019), o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, establece que *"este Tribunal ten sinalado en múltiples resolucións, a propósito da impugnación da adxudicación por un licitador excluído (por todas Resolucións nº 237/2011, do 13 de outubro, nº 22/2012, do 18 de xaneiro, e nº 107/2012, do 11 de maio de 2012), que o interese invocado ha ser un interese cualificado pola súa ligazón ao obxecto da impugnación, non sendo suficiente para os efectos da lexitimación do licitador excluído o*



## Concello de Vigo

*interese simple e xeral da eventual restauración da legalidade supostamente vulnerada e da satisfacción moral ou de outra índole que poida reportarlle ao recorrente que non resulten adxudicatarias algunhas outras empresas licitadoras, toda vez que o noso ordenamento non recoñece a acción popular en materia de contratación pública. A anterior doutrina foi confirmada pola Sentencia da Audiencia Nacional do 23 xullo de 2014 da sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo”.*

Nesta liña, a sentenza nº 375/2018 do Tribunal de Xustiza de Madrid do 28 de maio de 2018 (recurso nº 986/2015) alude á consolidada xurisprudencia (por todas, en SSTS do 27 de xaneiro de 1998 e do 11 de febreiro de 2003) e doutrina (Resolucións do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais 279/2012, do 5 de decembro; 269/2013, do 10 de xullo; 162/2013, do 24 de abril; o 238/2014, do 21 de marzo) que “concluíran reiteradamente que o mero interese pola legalidade non constitúe motivo suficiente para recoñecer lexitimación para o exercicio de accións, agás naqueles ámbitos do ordenamento para os que expresamente se teña contemplado unha acción pública. Noutras palabras, en materia de contratación do sector público non existe -como ocorre noutros ámbitos, como, por exemplo, o de urbanismo- unha acción pública. No entanto, si cabe falar dun concepto amplo de lexitimación, na medida en que esta existirá pola mera concorrencia dun interese lexítimo (e non necesariamente dun dereito subxectivo)” [...] “Así, en ambos casos, a doutrina maioritaria (e neste senso, a maioría de Resolucións ditadas ao respecto) nega lexitimación ao licitador excluído con carácter firme con anterioridade á resolución de adxudicación (Resolucións do TCRC nº 37/2015, do 14 de xaneiro; 89/2013, do 27 de febreiro; 239/2012, do 31 de outubro; ou nº 238/2014, do 21 de marzo) ou a aquel cuxa oferta non quedaría posicionada en mellor lugar -resultando polo tanto adxudicataria- aínda cando se estimasen as súas pretensións (Resolucións do TCRC nº442/2015, do 14 de maio; nº 746/2014, do 3 de outubro; 319/2011; 162/2013, do 24 de abril, ou 171/2013), sen nin sequera adentrarse na natureza dos motivos de impugnación do acto de adxudicación, por entender que en tales casos non concorre o interese lexítimo que se materializaría nunha adxudicación (que é imposible) no seu favor”.

Na resolución nº 597/2019 (recurso nº 498/2019) o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, acorda a non admisión dun recurso invocando a súa resolución Resolución 250/2016 (recurso 185/2016) que incide na inexistencia da acción popular en materia de contratación pública e indica “Aplicando ao caso presente a anterior doutrina resulta clara a falta de lexitimación do recorrente toda vez que tendo sido excluído do procedemento de adxudicación e tendo sido confirmada expresamente dita exclusión mediante resolución deste Tribunal de data 15 de xaneiro de 2016 citada nos Antecedentes de Feito, ningunha vantaxe reporta para el nin ningún prexuízo lle ocasiona unha hipotética declaración de nulidade da adxudicación do contrato. Esta conclusión, ademais, non se ve desvirtuada polo feito de que no caso de excluírse ao actual adxudicatario, quede deserto o recurso, posto que a posibilidade de que o contrato volva a licitarse non pode ser considerada, nin moito menos, como un beneficio que repercuta de forma real e actual na súa esfera xurídica, toda vez que non pode chegar a saberse con certeza se se volvería a licitar o contrato, en que condicións, se a parte recorrente cumpriría no seu caso as condicións para ser admitido na licitación e, no caso de ser así, se resultaría adxudicatario. Trataríase polo tanto dun interese hipotético e futuro, que impide, conforme á doutrina exposta, o recoñecemento de lexitimación do recorrente, procedendo, polo tanto, a non admisión deste recurso”.

Tendo en conta a tese anterior, parece claro que de prosperar a pretensión de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., unha eventual estimación deste recurso non o convertería en adxudicatario do contrato, senón que continuaría fóra do procedemento de adxudicación ao ser excluído mediante acordo da Mesa de Contratación de data 28 de abril de 2020 e terse confirmado a exclusión mediante resolución nº 72/2020 o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, ao carecer o recorrente de lexitimación concorre unha das causas de non admisión previstas no artigo 116 da LPA, polo que non procede entrar no fondo do recurso.

-III-

### Tramitación do recurso

En relación coa tramitación do recurso, a lei límitase a establecer un **trámite de audiencia**, no que os interesados poderán formular alegacións e presentar os documentos e xustificantes que estimen procedentes.

Este trámite de audiencia procederá (artigo 118 LPAC) nos seguintes casos:

- Cando teñan que terse en conta novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario (artigo 118.1 LPAC).
- Se houbese outros interesados (artigo 118.2 LPAC).

Ao concorrer o suposto previsto no artigo 118.2 da LPAC deuse traslado do recurso a XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. Durante o prazo concedido o licitador presentou un escrito manifestando a súa vontade de non formular alegacións.

Respecto á **resolución do recurso**, a lei establece que deberá estimar en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas ou ben declarar a súa non admisión (artigo 119.1 LPAC). É competente para resolver o recurso de reposición o órgano que ditou o acordo, quen decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, expoña o procedemento, sexan ou non alegadas polos interesados. Neste último caso oíráselles previamente. No entanto, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPAC).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPAC). Prazo que poderá ampliarse excepcionalmente se concorresen as circunstancias previstas no artigo 21.5 da LPAC (artigo 23.1 LPAC), que non é o caso.

Este prazo xa finalizou. No entanto, a Administración ten a obriga de ditar resolución expresa e notificala en todos os procedementos (artigo 22 TRLCSP).

En caso de incumprimento da obriga de resolver en prazo a lei, en aras da seguridade xurídica dos administrados e da protección dos seus dereitos e intereses lexítimos, arbitra o mecanismo do silencio administrativo. Trátase dunha ficción xurídica que establece determinados efectos, o denominado acto presunto, a resolución que tiña que producirse





## Concello de Vigo

máis non se produzo. Nesta liña a doutrina xurisprudencial establece que *“en los supuestos de silencio administrativo, el denominado “acto presunto” no es sino una ficción porque realmente no existe tal acto administrativo, independientemente de la eficacia positiva ou negativa que legalmente se anude al mutismo de la Administración”* (STS de 20 de abril de 1996, Sala 3ª, sección 6ª). O artigo 24 da LPAC regula os efectos do silencio. En caso de procedementos de impugnación de actos e disposicións iniciados a solicitude do interesado, como este caso, o sentido do silencio será desestimatorio.

A ficción legal do silencio non exime á Administración da obriga de resolver. Se ben se a resolución expresa que se produce fóra de prazo, esta condicionada o seguinte réxime (artigo 24 LPAC):

- Nos casos de estimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior á produción do acto só poderá ditarse de ser confirmatoria do mesmo.
- Nos casos de desestimación por silencio administrativo, a resolución expresa posterior ao vencemento do prazo adoptarase pola Administración sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.

Ao abeiro do citado artigo 24 da LPAC como o sentido do silencio é desestimatorio a resolución expresa pode adoptarse sen vinculación ningunha ao sentido do silencio.

### **-IV- Acordo**

O órgano competente para a resolución dos recursos, tanto de alzada como de reposición, é a Xunta de Goberno local (artigo 121.1 e 123.1 da LPAC).

En base ao anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte **ACORDO**:

*“Non admitir o recurso de reposición interposto o 8 de decembro de 2020 por D. Xosé Ares González, en representación de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U., contra o acordo da Xunta de Goberno local do 26 de novembro de 2020 pola que decide non adxudicar o contrato dos servizos de xestión do centro de usos múltiples Vigosónico (expediente 8.922-336), por carecer de lexitimación en base aos fundamentos xurídicos recollidos neste informe”.*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **6(46).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES NOS MESES DE OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO DO 2020. EXPTE. 20386/333.**

Dáse conta do informe-proposta de data 20/01/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de xullo, agosto e setembro do ano 2020, que se relacionan a continuación:

Nº EXPTE	OBXECTO DO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA FIN	IMP. TOTAL
3929-611	OBRAS DESTINADAS Á SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS NAS INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS DOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS DE BOUZAS, COMESAÑA, A BOUZA, CANDEÁN, MEIXOEIRO, MONTE DA MINA, RELFAS E CORUXO PARTIDA: 3420-2130002/DOC. CONT.: ADM 70528	ACELEC INSTALACIONES ELÉCTRICAS, SL (B36955763)	18/11/20	23/12/20	38.328,17 €
20279-333	SERVIZO REV. LIÑAS DE VIDA INST. DEP. CANDEÁN, COIA, BOUZAS, TRAVESAS Y LAVADORES PARTIDA: 3420-2279915/DOC. CONT.: ADM 74511	BAYGAR, SL (B12019659)	03/12/20	30/12/20	3.558,61 €
20286-333	SUBMINISTRO DE 100 SUDADEIRAS SERIGRAFIADAS CO LOGO DO CONCELLO DE VIGO PARTIDA: 3410-2260100/DOC. CONT.: ADM 75814	BIEITONOVA,SL (B36926095)	09/12/20	30/12/20	1.754,50 €
3926-611	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA REPARACIÓN PUNTUAL POR MEDIOS PROPIOS DO SISTEMA HIDRÁULICO CONTRA INCENDIOS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA PARTIDA: 3420-2130000/DOC. CONT.: ADM 69035	COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, SL (B36739233)	13/11/20	30/11/20	2.100,49 €
4027-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DE DIVERSA MAQUINARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2130000/DOC. CONT.: ADM 75815	COMERCIAL BUGARÍN, SL (B36455525)	09/12/20	23/12/20	1.455,00 €
3898-611	SUBMINISTRO MATERIAL PROTECCIÓN COVID-19- SUBMINISTRO DE 25.000 MASCARILLAS HIXIENICAS PARTIDA: 3410-2219900/DOC. CONT.: ADM 63396	DIS RIVAS, SL (B36724128)	23/10/20	30/12/20	3.103,65 €



## Concello de Vigo

Nº EXPTE	OBXECTO DO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA FIN	IMP. TOTAL
3871-611	SUBMINISTRO DE ALFOMBRAS ESPECIAIS DE DESINFECCIÓN E LIMPADOR XEAL DESINFECTANTE PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, POR MOR DO COVID-19 PARTIDA: 3420-2269900/DOC. CONT.: ADM 60708	DIS RIVAS,SL (B36724128)	08/10/20	06/12/20	5.410,81 €
20276-333	SUBMINISTRO DO EQUIPAMENTO DEPORTIVO NECESARIO PARA A PRÁCTICA DA ESGRIMA ADAPTADA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA ETEA PARTIDA: 3420-6290000/DOC. CONT.: ADM 74631	ES FID, SL (B58333519)	04/12/20	26/12/20	9.129,42 €
3906-611	SERVIZO DE TRABALLOS DE PODA, DESBROCE E RETIRADA DE BROZA NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TEIS, CORUXO, SAMIL E A ETEA PARTIDA: 3420-2100001/DOC. CONT.: ADM 67980	FERGOVIGO, SLU (B36880268)	12/11/20	20/12/20	5.856,40 €
3927-611	SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO "C" PARA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2210300/DOC. CONT.: ADM 74507/RCFUT 74508	GASÓLEOS AMIGO, SL (B36736049)	02/12/20	30/09/21	17.900,00 €
20336-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DE TRANSPORTE E TRATAMENTO DE RESIDUOS NON HABITUAIS XERADOS NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL DAS TRAVESAS PARTIDA: 3420-2279915/DOC. CONT.: ADM 80503	GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU (B36179299)	23/12/20	30/12/20	561,00 €
3587-611	SERVIZO TRANSPORTE E TRATAMENTO PUNTUAL RESIDUOS NON PERIGOSOS XERADOS NO PAVILLÓN MUNICIPAL DO CARME PARTIDA: 3420-2279915/DOC. CONT.: ADM 78279	GONZÁLEZ COUCEIRO, SLU (B36179299)	16/12/20	30/12/20	428,73 €

Nº EXPTE	OBXECTO DO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA FIN	IMP. TOTAL
20303-333	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DE PRODUCCIÓN DA IMAXE PARA O PROGRAMA "RUNRUN VIGO" PARTIDA: 3410-2279900/DOC. CONT.: ADM 76158	GUILLERMO JANEIRO ALFAGEME (36150918R)	11/12/20	30/12/20	1.742,40 €
3904-611	ADQUISICIÓN DE DIVERSO EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O SEU USO NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARTIDA: 3420-6290000-3420-6290001/DOC. CONT.: ADM 70092-70095	INSTALACIONES DEPORTIVAS CASTRELOS, SL (B36984623)	18/11/20	30/12/20	14.482,16 €
3950-611	SUBMINISTRO PUNTUAL DE ELEMENTOS DE MADEIRA PARA A REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS, POR MEDIOS PROPIOS, EN DIVERSO MOBILIARIO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2150000/DOC. CONT.: ADM 74657	MADERAS DEL NOROESTE DE ESPAÑA, SL (B36616548)	03/12/20	20/12/20	1.690,09 €
3905-611	SUBMINISTRO DE MOBILIARIO PARA AS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-6250000/DOC. CONT.: ADM 65756	MAMPARAS Y MUEBLES MS, SL (B36848794)	05/11/20	10/12/20	8.228,00 €
20285-333	SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE LÁMINAS DE CONTROL SOLAR NAS FIESTRAS DA CONCELLERÍA DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2120000/DOC. CONT.: ADM 76161	MAMPARAS Y MUEBLES MS, SL (B36848794)	09/12/20	13/12/20	390,00 €
19970-333	SUBMINISTRO DE 100 EXEMPLARES DO LIBRO "A SALVO" - QUINO SALVO BALONCESTISTA VIGUÉS PARTIDA: 3410-2260100/DOC. CONT.: ADM 65531	MEMORIAL QUINO SALVO (G27835255)	04/11/20	30/12/20	1.500,00 €
20284-333	SUBMINISTRO DE 100 PARKAS SERIGRAFIADAS CO LOGO DO CONCELLO DE VIGO PARTIDA: 3410-2260100/DOC. CONT.: ADM 76160	PERSONALIZA TU MARCA (B27829522)	07/12/20	30/12/20	1.875,50 €



## Concello de Vigo

Nº EXPTE	OBXECTO DO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA FIN	IMP. TOTAL
4029-611	SUBMINISTRO DE ESPUMA E POLIETILENO PARA REPARACIÓN DE COLCHONETAS E LONAS PARTIDA: 3420-2190000/DOC. CONT.: ADM 75825	PIRELO, SLU (B36041044)	11/12/20	26/12/20	4.228,28 €
3903-611	SUBMINISTRO DE COLCHONETAS DESTINADAS Á PRÁCTICA DEPORTIVA NAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-6290000/DOC. CONT.: ADM 67109	PIRELO, SLU (B36041044)	10/11/20	20/12/20	9.534,80 €
3889-611	SUBMINISTRO DE PRANCHAS DE POLICARBONATO PARA A REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS PUNTUAIS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES PARTIDA: 3420-2120000/DOC. CONT.: ADM 62212	PLÁSTICOS CARRERA, SL (B36843241)	15/10/20	20/11/20	1.863,82 €
3930-611	SUBMINISTRO DE DIVERSO MATERIAL DEPORTIVO NON INVENTARIABLE PARA O SEU USO NAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS PARTIDA: 3420-2260901/DOC. CONT.: ADM 69013	PUNTODEPORTE ASESORES, SL (B36878171)	17/11/20	20/12/20	17.955,40 €
3936-611	SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MATERIAL ELÉCTRICO NAS PISTAS DE ATLETISMO EN BALÁIDOS PARTIDA: 3420-2130002/DOC. CONT.: ADM 70784	SIELVIGO, SL (B36823227)	19/11/20	20/12/20	4.299,13 €
20288-333	SERVIZO DE PRODUCCIÓN DUN VIDEO RESUMO SOBRE DEPORTES DO CONCELLO DE VIGO 2020 PARTIDA: 3410-2279900/DOC. CONT.: ADM 75816	SILVIA PÉREZ BUGALLO (44088318D)	09/12/20	23/12/20	1.427,80 €

Nº EXPTE	OBXECTO DO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA FIN	IMP. TOTAL
20320-333	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE TRABALLOS TÉCNICOS DE DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUNHA GALERÍA MULTIMEDIA PARA CONTIDOS DEPORTIVOS PARTIDA: 3410-2279900/DOC. CONT.: ADM 76860	SILVIA PÉREZ BUGALLO (44088318D)	11/12/20	30/12/20	4.356,00 €
3942-611	SERVIZO REALIZACIÓN DE REPARACIÓNS NOS SISTEMAS MEGAFONIA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2130000/DOC. CONT.: ADM 74004	SONIDO COLLAZO, DESL (B36932689)	02/12/20	30/12/20	1.239,04 €
3894-611	SUBMINISTRO DE LIMPIADOR DESINFECTANTE DE SUPERFICIES PARA O SEU USO NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES POR MORDA COVID-19 PARTIDA: 3420-2219900/DOC. CONT.: ADM 63943	TESIS GALICIA, SL (B36237477)	19/10/20	10/11/20	2.981,44 €
3893-611	SUBMINISTRO DE SOLUCIÓN HIDROALCOHÓLICA E ROLLOS DE PAPEL DE DOBLE CAPA PARA A SÚA UTILIZACIÓN NAS INSTALACIÓNS DEPENDENTES DO SERVIZO DE DEPORTES POR MORDA COVID-19 PARTIDA: 3420-2219900/DOC. CONT.: ADM 63195	TESIS GALICIA, SL (B36237477)	19/10/20	30/11/20	11.664,40 €
4061-611	SUBMINISTRO DE EQUIPOS INFORMÁTICOS E LECTORES GRAVADORES PARA O SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES PARTIDA: 3420-6260000/DOC. CONT.: ADM 80519	WDIXITAL SPAIN, SLU (B27740240)	23/12/20	30/12/20	8.241,55 €

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.



## Concello de Vigo

### **7(47).-PROPOSTA PARA A APROBACIÓN DO GASTO PARA O ANO 2021 EN RELACIÓN AO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO CO FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN S TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.**

Visto o informe de fiscalización do 25/01/21, dáse conta do informe-proposta do 22/01/2021, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

i.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscripción pola Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U”; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para la sinatura do convenio.

ii.-En base á referida necesidade a sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

iii.-As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U”, e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal para o ano 2021, estimase dende os servizos técnicos do Parque Móbil, un gasto máximo de DEZASETE MIL OTOCENTOS NOVENTA CON ONCE EUROS (17.890,11 EUROS) IVE, Tasas e gastos incluídos.

#### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

I.- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).

II.-Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

III.- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.

IV.- Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.021.

V.- Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.

**VI.-** Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

**VII.-** Real Decreto legislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

#### ACORDO

**Primeiro.-** Autorizar o gasto polo importe máximo de DEZASETE MIL OITOCENTOS NOVENTA CON ONCE EUROS (17.890,11 EUROS) IVE, Tasas e gastos incluídos, a favor da mercantil "Supervisión e Control, S.A.U", con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 "Tramitación documentación de vehículos" correspondente ao orzamento vixente do ano 2021, co obxecto de desenvolver no mesmo as inspeccións técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade "Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

**Segundo-** Dar conta do presente acordo á "Supervisión e Control, S.A.U." como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **8(48).-PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN VECIÑAL O FREIXO Á SUBVENCIÓN OUTORGADA NA CONVOCATORIA DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO ASOCIACIONISMO E A PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 9698/320.**

Dáse conta do informe-proposta do 22/01/21, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Con data 19/11/2020, a Xunta de Goberno Local acordou, en relación ao procedemento de "Outorgamento de Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá, para o ano 2020" outorgar á Asociación Veciñal O Freixo (CIF: 36654184) unha subvención por importe total de 11.972,11 €:

PROGRAMA	PUN-TOS	ORZAMEN-TO	SUBVENCIÓN
Gastos de mantemento: luz, tlf-internet, calefacción-climatización, seguros, impostos, consumibles	66	5.674,29 €	<b>4.922,43 €</b>
Material informático e oficina	56	2.024,60 €	<b>2.024,60 €</b>
Substitución do peche de escaleiras	73	11.900,00 €	<b>5.025,08 €</b>





## Concello de Vigo

Con data 28/12/2020, a Asociación Veciñal O Freixo (CIF:36654184), a través da sede electrónica do Concello de Vigo, achega o “**Anexo XII. Renuncia**” (número documento: 200275720) no que se declara, de xeito expreso, a renuncia á subvención outorgada para investimento en obras prevista no **Programa III: Substitución do peche de escaleiras, por un importe de 5.025,08 €.**

Conforme ao establecido na Base Décimo Primeira das bases que rexen a convocatoria da subvención “*a beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida, total ou individualmente por Programas, renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no Anexo XII, aprobado con estas bases*” [...]

De conformidade co anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO:**

**1º.- Aceptar a renuncia** presentada pola Asociación Veciñal O Freixo (CIF: 36654184), á subvención outorgada pola Xunta de Goberno Local o pasado 19/11/2020 ao abeiro das “Subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá”, concretamente para o **Programa III. Gastos en investimento. Obras: Substitución do peche de escaleiras, por un importe de 5.025,08 €.**

**2º.-** Notificar, o presente acordo, á entidade interesada e á Intervención Xeral para coñecemento e efectos oportunos.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(49).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE OBRAS NO EDIFICIO DA ESCOLA DE COMERCIO (RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA) POLA UNIVERSIDADE DE VIGO. EXPTE. 15701/332.**

Dáse conta do informe-proposta do 20/01/2021, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión do 27 de xuño de 2016, acordou aprobar definitivamente o prego de condicións administrativas que rexirán a concesión administrativa para o uso privativo, pola Universidade de Vigo, do edificio sito no nº105 da rúa Conde de Torrecedeira de Vigo (Propiedade nº 189 do IMBD), e outorgar a mesma a dita Universidade, dacordo co prego aprobado.

A concesión formalizouse en documento administrativo en data 14/02/2018.

**SEGUNDO.-** A Universidade de Vigo (C.I.F. H27.851.401) solicitou, o 20/10/2020, permiso para facer obras de substitución do actual acabado de cobertura no edificio municipal, dacor-

do co “Proyecto Basico y de Ejecución de sustitución de material de cobertura en cubierta plana del edificio Escuela de Empresariales de Vigo”, redactado pola arquitecta tecnica Susana Fernandez Cobian de data febreiro 2020, e que tramitase pola Oficina de licenzas da XMU co nº de expediente 106235-421.

Segundo informase pola arquitecta municipal da oficina de licenzas, as obras consisten na substitución do actual acabado de cobertura (canto rodado) dun volume con cuberta plana da zona norte do edificio coa finalidade de sanear a cuberta e a de permitir que sexa transitable en condicións de seguridade. Proxéctase a colocación na parte central (uns 68 m<sup>2</sup>) de chan técnico elevado; nos bordes exteriores recolócase a grava existente lavada, instálase unha varanda na parte central e colócase iluminación exterior. O presuposto segundo proxecto é de 8.366,60 €.

**TERCEIRO.-** Polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal, emitiuse informe o 11/01/2021 sobre as obras proxectadas, sinalando: (...) *A actuación proposta a efectos urbanísticos dispon de informe favorable dos técnicos do departamento de licenzas da Xerencia de Urbanismo de data 22/12/2020.*

O proxecto en cuestión dispon de resolución favorable da consellería de cultura de data 29/10/20. Unha vez finalizadas ditas obras deberá de aportar as actas de inicio e finalización das mesmas, con obxeto de completar o mesmo.

**CONCLUSIÓN:** Os costes unitarios incluídos no proxecto, consideranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son precios xerais de mercado.

*A documentación do proxecto considérase completa. E tendo en conta as determinacións que fixa o art 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderan simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria, Planos e Presupuesto. Polo tanto o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.*

**CUARTO.-** Dacordo co prego de cláusulas administrativas e técnicas polas que se rexe a concesión administrativa para o uso privativo do edificio da escola de comercio, dende os deberes e facultades do Concesionario establecidos na Clausula X de dito Prego, establece-se que: *“As obras de adaptación, reparación e mellora que se executen, serán por conta exclusiva da concesionaria, requirindo a presentación previa dunha memoria ou proxecto e a súa aprobación polo Concello, sen prexuízo das demais autorizacións ou licenzas que sexan preceptivas. En todos os casos, os gastos investidos quedarán en beneficio do inmóbel sen dereito ningún ao seu reembolso por esta administración.”*. E, así mesmo, o seu dereito a *“Efectuar, o seu cargo, obras de mellora, división interior e reforma no edificio, que fagan aconsellables para súa mellor funcionalidade e aproveitamento, e redunde en beneficio da actividade educativa. Requiríndose a presentación de memoria explicativa e planos descriptivos da obra a realizar, e a previa autorización do Concello”*. (Apartado A.4 e B.2).



## Concello de Vigo

Por outra banda, dispoñese a facultade desta administración municipal de *Vixiar as obras e instalacións que se efectúen no inmovble, e comprobar o seu estado de conservación e limpeza, sen prexuízo das facultades inspectoras doutros organismos públicos.* (Clausula XI apartado d.).

**QUINTO.-** A teor do exposto, non apreciase inconveniente, no presente caso, unha vez que as obras proxectadas constan con informe favorable tanto da oficina de licenzas(XMU) como da de supervisión de proxectos, en conceder autorización á Universidade de Vigo, no ámbito da concesión administrativa otorgada e nas condicións nela dispostas, para a realización das obras interesadas no edificio municipal da “Escola de Comercio”, na rúa Conde de Torrecedeira, dacordo co Proxecto Básico e de Execución redactado pola arquitecta técnica Susana Fernández Cobián.

A autorización otorgarase condicionada á concesión da correspondente licenza pola XMU, debendo comunicar a concesionaria ó Servizo de Patrimonio, unha vez obtida esta, a data de inicio das obras e do seu remate, a fin de exercer as facultades de vixilancia e comprobación que compete a esta administración municipal como titular do inmovble.

Por todo ello, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

**PRIMEIRO.-** *Conceder autorización á Universidade de Vigo, para a realización das obras proxectadas no edificio municipal sito no nº105 da rua Conde de Torrecedeira de Vigo (Propiedade nº 189 do IMBD), dacordo co “Proyecto Basico y de Ejecución de sustitución de material de cobertura en cubierta plana del edificio Escuela de Empresariales de Vigo”, redactado pola arquitecta tecnica Susana Fernández Cobián, de data febreiro 2020.*

**SEGUNDO.-** *A presente autorización queda condicionada ó otorgamento pola XMU da correspondente licenza de obras.*

**TERCEIRO.-** *A Universidade de Vigo comunicará ó Servizo de Patrimonio a data de inicio e de finalización das obras autorizadas para sua comprobación polos servizos técnicos.*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(50).- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS INDUSTRIAIS DE GALICIA CONTRA ACORDO DA XGL DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DOS PROCESOS SELECTIVOS DESTINADOS Á EXECUCIÓN DAS OEP 2017, 2018 E 2019. EXPTE. 36957/220.**

Dáse conta do informe-proposta do 25/01/2021, asinado pola técnica de Admon. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 05/11/2020, acordou aprobar a convocatoria dos procesos selectivos destinados á execución das Ofertas de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019, (cuxas Bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de XGL de data 12/03/2020–BOPPO nº 128 de 07/07/2020), e na 2a fase: Enxeñeiro/a de Camiños Canais e Portos, Enxeñeiro/a Industrial, Enxeñeiro/a técnico industrial e Técnico/a de Administración Xeral, todo de conformidade coas bases das convocatorias respectivas. Así como a aprobación das bases específicas correspondentes as prazas e postos que configurarán a 2a fase de esta Oferta. Expte. 36498-220. As devanditas bases foron publicadas no BOP nº222, de 17/11/2020.

II.- Con rexistro de entrada de data 17/12/2020(doc. nº 200264900),o Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia interpón Recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno local de 05/11/2020.

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

I.- Constitución Española.

II.- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

III.- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de réxime local.

IV.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

V.- Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común.

VI.-Lei 2/1974, de 13 de febreiro de Colexios Profesionais.

VII.-Lei 25/2009, 22 de decembro de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre libre acceso ás actividades, servizos e o seu exercicio.

VIII.- Lei 11/2001, de 18 de setembro de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

IX.- Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

### **I.- Lexitimación e prazo.**

En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que contra as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.



## Concello de Vigo

No presente suposto, o recorrente é un colexio profesional, sendo que de conformidade co artigo 1 da lei 2/1974, de 13 de febreiro de Colexios Profesionais (dentro do marco legal e no mesmo sentido do artigo 4 da Lei 11/2001, de 18 de setembro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia) ten carácter de corporación de dereito público, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. No seu apartado 3 o referido artigo establece como fins esenciais destas Corporacións entre outros a representación e defensa dos intereses profesionais dos colexiados, todo sen prexuízo da competencia da Administración Pública por razón da relación funcional.

Queda acreditada así a lexitimación do recorrente para a interposición do recurso de reposición como titular de dereitos e intereses lexitimos colectivos de conformidade co artigo 4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado. As bases específicas correspondentes as prazas e postos da 2a fase da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019, foron publicadas no BOP nº222, de 17/11/2020. O recurso foi presentado en tempo e forma en data 17/12/2020(doc. nº 200264900).

Resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-proposta emítese ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria suscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

Por tal motivo, estímase necesario indicar que o órgano competente pode recabar, se así se estima oportuno e procedente, informe ou asesoramento adicional por parte do órgano responsable do asesoramento ao Alcalde e á Xunta de Goberno Local, nos termos do preceptuado no artigo 129 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### II.- Alegacións.

O colexio profesional recorrente interpón recurso alegando en síntese que:

- O punto IV da Base específica segunda é contrario a dereito en canto permite o acceso á praza de Enxeñeiro Industrial a persoas que non teñen a titulación habilitante para o exercicio da referida profesión regulada.

-Respecto á titulación esixida para o acceso á praza de enxeñeiro industrial, a lexislación actual configura a profesión de enxeñeiro industrial como profesión regulada para cuxo exercicio se require estar en posesión do título oficial de Máster habilitante obtido de acordo co artigo 15.4 do Real Decreto 1393/2007. Así, alégase que a praza de Enxeñeiro Industrial deberá ser ocupada necesariamente polo aspirante que obtivese un máster segundo os requisitos establecidos na Orden CIN/311/2009, de 9 de febreiro.

Sobre a base do anterior solicita que se anule o punto IV da Base específica segunda correspondente as Bases específicas da segunda fase da Oferta de Emprego Público do Concello de Vigo 2017, 2018 e 2019, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 05/11/2020, por ser contrario a dereito.

### **III.- O principio de autoorganización da Administración Local.**

O artigo 4 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local atribúe as entidades locais a potestade de autoorganización, esta potestade, en relación coa ordenación dos recursos humanos, se concreta no TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público cuxo artigo 72 é do seguinte tenor literal: "En el marco de sus competencias de autoorganización, las Administraciones Públicas estructuran sus recursos humanos de acuerdo con las normas que regulan la selección, la promoción profesional, la movilidad y la distribución de funciones y conforme a lo previsto en este Capítulo."

Non imos entrar no análise da implicación do exercicio da potestade organizatoria das Administracións Públicas no ámbito da ordenación de seu persoal, pero aos efectos que nos ocupan non é baladí destacar que o interese público na eficacia dos medios persoais das organizacións públicas, leva consigo a súa vez a eficacia de estas. No caso da potestade de autoorganización, o interese querido polo ordenamento xurídico é o da eficacia da actividade administrativa, tanto en súa vertente propiamente administrativa como orzamenaria (principio de eficiencia). É dicir, o ordenamento xurídico non recoñece á Administración Pública unha autonomía para xestionar os seus asuntos, se non que atribúelle unha potestade con unha natureza finalista, e polo tanto, caracterizada pola suxeición de seu exercicio a un determinado interese público querido pola norma habilitante.

Este interese público se presenta xenericamente na Constitución (artigo 103.1) e, en unha formulación máis concreta, nas Leis administrativas.

A potestade de autoorganización ten un marcado carácter discrecional, aínda que o xuízo de oportunidade que implica toda decisión, non é allea o Dereito, se non xustamente o contrario, é precisamente o ordenamento xurídico o que da cobertura a este marxe de oportunidade da administración.

Así, cada unha das administracións públicas actúa en cumprimento dos seus fins, con personalidade xurídica única, e en función das súas necesidades, teñen competencias para planificar seus recursos humanos, ofertando as prazas necesarias e establecendo os mecanismos de selección que consideren mais idóneos para elixir aos candidatos, respectando sempre a normativa legal.

### **IV.- Principios de igualdade, mérito e capacidade.**

O artigo 23.2 da nosa Constitución recoñece a todos os cidadáns o dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, con os requisitos que sinalen as leis. De este modo, o dereito a acceder a postos funcionariais se erixe nun modo de participación dos cidadáns nas Institucións públicas, conectado cos principios que, segundo o artigo 103 da Constitución Española, deben presidir o funcionamento e a organización da Administración.



## Concello de Vigo

O artigo 23.2 do citado corpo legal, recoñece expresamente que a lei pode suxeitar ó acceso a funcións públicas a determinados requisitos, polo que o dereito fundamental que nel se consagra non é dun dereito indiscriminado, senón de configuración legal, dentro sempre do respecto aos principios e preceptos constitucionais. De este xeito, o dereito non se lesiona si a esixencia dos requisitos establecidos con carácter xeneral polas leis se aplica motivadamente con criterios razoables e en términos de xeneralidade que exclúan toda idea de discriminación persoal o que supoñan, por parte da Administración, restricións innecesarias para o exercicio de este dereito fundamental, debendo prevalecer en todo caso a interpretación máis favorable á efectividade de aquel.

E na liña con o argumento anterior, é reiterada a doutrina do Tribunal Constitucional que preconiza que a interpretación dos dereitos fundamentais haberá de ser realizada no sentido máis favorable á súa máxima efectividade, e éste criterio é incompatible coa admisión de restricións que non estean suficientemente xustificadas.

Así, a predeterminación normativa das condicións para acceder á función pública de conformidade cos principios de igualdade, mérito e capacidade, ten especial transcendencia, polo que aquí interesa, dende a perspectiva do principio de igualdade que incorpora e especifica o artigo 23.2 CE como contido do dereito fundamental que recoñece e garante, en canto o mesmo pode resultar vulnerado cando por vía regulamentaria o a través de actos de aplicación de la lei o das normas reguladoras dos procedementos de acceso se introduzan novos requisitos ou condicións que limiten o acceso á función pública a determinados cidadáns ou grupos sen contar para elo ca necesaria habilitación lexislativa, excluindo do goce dun dereito a aqueles aos que a Lei non excluíu. De modo que resulta totalmente proscribida a posibilidade de que por vía regulamentaria ou mediante actos de aplicación da lei ou das normas reguladoras de acceso a un determinado posto da función pública se incorporen ou engadan novos requisitos carentes de toda cobertura legal, establecendo criterios innovativos de diferenciación onde o lexislador non diferenciara, descoñecendo de esta forma o criterio igualatorio sancionado por éste (SSTC 47/1990, de 20 Marzo; 185/1994, de 20 Xuño). Noutras palabras, a posta en conexión do artigo 23.2 CE (“...cos requisitos que sinalen as leis”) co artigo 103.3 CE (“...a lei regulará... o acceso á función pública”) obriga a concluír que tales requisitos serán establecidos mediante disposicións con rango de Lei, coa colaboración da potestade regulamentaria cos límites e condicións que xa se expresaron.

Centrándonos xa no ámbito do sector público local, o artigo 133 do Real Decreto lexislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido da Administración Local, establece que o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local axustarase á lexislación básica do Estado sobre función pública, e establecerase tendo en conta a conexión entre o tipo de probas a superar e a adecuación aos postos de traballo que se vaian a desempeñar, incluíndo a tal efecto as probas prácticas que sexan precisas.

Impera así a obrigatoriedade de observancia da lexislación básica ex artigo 2.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigo 7). No non previsto na normativa estatal, aplicarase a regulamentación que para o ingreso na función pública establece a respectiva Comunidade Autónoma, e suplementariamente, o Real Decreto 2223/1984, de 19 de decembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración de Estado.

Polo tanto a Administración Pública está obrigada a garantir a plena observancia de que os procesos selectivos se desenvolvan garantindo os principios de igualdade, mérito, capacidade, transparencia, publicidade e concorrencia competitiva recollidos no artigo 55 do Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, e demais normativa sectorial aplicable. Así, estes principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público incluídos no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, implican a carga, para quen quere acceder a unha determinada función pública, de acreditar as capacidades, coñecementos e idoneidade esixibles para a función á que se aspira. Así o dereito de acceso ó emprego público debe garantirse mediante os citados principios, e os procesos de selección do emprego público deben ser abertos para garantir a libre concorrencia de todos aqueles que cumpran os requisitos esixidos.

V.- En canto as alegacións vertidas polo recorrente cómpre analizar en primeiro lugar á titulación esixida para o acceso á praza de enxeñeiro, así como os caracteres da profesión regulada e a necesidade de master habilitante.

#### **.Titulación requirida para o acceso aos corpos e escalas do Subgrupo A1, Administración Especial.**

De conformidade co **artigo 76 do Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro**, polo que se aproba o texto refundido da **lei do Estatuto Básico do Empregado Público**, os *corpos e escalas clasifícanse, de acordo coa titulación esixida para o acceso aos mesmos, nos seguintes grupos:*

*Grupo A: Dividido en dous Subgrupos, A1 e A2.*

*Para o acceso aos corpos ou escalas deste Grupo esixirase estar en posesión do título universitario de Grao. Naqueles supostos nos que a lei esixa outro título universitario será este o que se teña en conta.*

*A clasificación dos corpos e escalas en cada Subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade das funcións a desempeñar e das características das probas de acceso.*

Segundo os **artigos 170 e seguintes do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 abril, Texto Refundido de Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local**, terán a consideración de funcionarios de Administración Especial os que teñan atribuído o desempeño das funcións que constitúen o obxecto peculiar dunha carreira, profesión, arte ou oficio.

#### **. Carácter de profesión regulada de enxeñeiro industrial e requisito de master.**

O artigo 15.4 do **Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais**, dispón que os plans de estudos conducentes a títulos universitarios oficiais de Master, que permitan obter as competencias necesarias para o exercicio de unha actividade profesional regulada en España, deberán adecuarse ás condicións que estableza o Goberno que ademais deberán axustarse, no seu caso, á normativa europea aplicable.





## Concello de Vigo

As profesións de Enxeñeiro Aeronáutico, Enxeñeiro Agrónomo, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Industrial, Enxeñeiro de Minas, Enxeñeiro Naval e Enxeñeiro de Telecomunicación, están consideradas como profesións reguladas de acordo coa ordenación vixente, polo que, ata tanto se establezan as oportunas reformas da regulación das profesións con carácter xeral en España, é preciso determinar, de conformidade co previsto no artigo 15.4 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, anteriormente mencionado, as condicións que serán de aplicación a todos os plans de estudos conducentes á obtención de cada un dos títulos oficiais de Máster que permitan exercer as referidas profesións

E posteriormente a **Orde CIN/311/2009, de 9 de febreiro establece os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habiliten para o exercicio da profesión de Enxeñeiro Industrial**, afirmando que a lexislación vixente conforma a profesión de Enxeñeiro Industrial como profesión regulada cuxo exercicio require estar en posesión do correspondente título oficial de Master obtido, neste caso, de acordo co previsto no artigo 15.4 do referido Real Decreto 1393/2007, conforme ás condicións establecidas no Acordo do Consello de Ministros de 26 de decembro de 2008, publicado no Boletín Oficial do Estado de 29 de xaneiro de 2009.

### Equivalencias

***A Resolución de 21 de xullo de 2015, da Dirección General de Política Universitaria, publica o Acordo do Consello de Ministros de 10 de xullo de 2015, que determina o nivel de correspondencia ao nivel do Marco Español de Cualificaciónes para a Educación Superior do Título Universitario Oficial de Enxeñeiro Industrial.*** De conformidade co disposto no artigo 24.4 do Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a convalidación de estudos extranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis del Marco Español de Cualificaciónes para a Educación Superior dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado.

*Primero. Determinación do nivel MECES do título universitario de Enxeñeiro Industrial.*

De conformidade co establecido no artigo 24 do Real Decreto 967/2014, de 21 de novembro, determinase que o título oficial universitario de Enxeñeiro Industrial se corresponde co nivel 3 do Marco Español de Cualificaciónes para a Educación Superior.

Así mesmo indicase que o nivel 3 de MECES se corresponde co nivel 7 do Marco Europeo de Cualificaciónes, tal como se indica no artigo 4 do Real Decreto 1027/2011, de 15 de xullo, polo que se establece o Marco Español de Cualificaciónes para a Educación Superior, na súa redacción dada polo Real Decreto 22/2015, de 23 de xaneiro. Reprodúcese pola súa claridade respecto á evolución normativa o fundamento xurídico segundo da sentenza número 26/2019, de 21 de xaneiro do Xulgado do contencioso-administrativo número 1 de Santa Cruz de Tenerife:

*“.Esixencia de Máster como requisito para o ingreso na función pública.*

*A Sentenza do Tribunal Supremo 27 de outubro de 2020, alegado polo recorrente sienta como cuestión de interés casacional,*

*“3.-Lo litigioso se centra por lo tanto en el acceso al empleo público. La sentencia impugnada entiende que esa titulación de Máster es exigible para lo que denomina el “ejercicio privado” de la profesión de Ingeniero Industrial, no para concurrir a pruebas selectivas para el ingreso en Cuerpos o Escalas del Grupo A del artículo 76 EBEP, para las que sólo es exigible el título de grado, sin que se haya dictado una ley que exija otra titulación(...)”*

*4.-Pues bien, esta Sala ha declarado que tratándose de la profesión regulada de Ingeniero Industrial, también es exigible el título de Máster para acceder al empleo público, tanto en el ámbito de la Administración civil (cf. las ya citadas sentencias 221, 1241 y 1268/2019), como en el militar, tal y como hemos declarado en la más reciente de las sentencias antes citadas- la sentencia 1353-2020- que insiste en lo declarado por las precedentes.*

*QUINTO.-(...) Se interpreta el artículo 76 del EBEP en el sentido de que pese a no haberse dictado la ley a la que se remite para el acceso a las Escalas de Oficiales de los Cuerpos de Ingenieros de los Ejércitos, que implican el ejercicio de profesiones reguladas-en este caso Ingeniero Industrial-, el título para concurrir a dichas pruebas será el habilitante para ejercer la profesión regulada. Por tanto la previsión del artículo 76 del EBEP no priva de validez a la regulación vigente con anterioridad, sin que tal reserva de ley pueda imponerse con carácter retroactivo, estableciendo una alteración completa del régimen jurídico de las titulaciones”.*

**. Relación de Postos de Trabajo e a titulación esixida.-** A aprobación dunha RPT que, como o seu nome indica, é unha relación detallada e ordenada de prazas e postos da administración, segundo a estrutura idónea para a eficacia, non é un acto plenamente regradado, sen espazo para a innovación, creatividade ou decisión discrecional de aquela. É a plasmación de seu criterio de ordenación de postos que expresa a potestade de organización, isto é, o poder de que dispón a administración como responsable da xestión de recursos humanos para identificar necesidades e ordenar os efectivos de persoa que posúe ou desexa reclutar para a eficacia (art. 103 CE).

A STS 12/06/2013 pronunciouse no sentido de lembrar que “... La Administración cuenta con potestades discrecionales para adecuar a cada puesto de trabajo concreto los requisitos genéricos de titulación exigidos para el acceso a la plaza, optando por una titulación específica, al igual que modulando los méritos generales a los precisados por el concreto contenido funcional de puesto de trabajo”. Deste modo, as RPT son un dos exemplos típicos de potestade discrecional, calificada polo noso Tribunal Supremo de “amplísima”, que é inherente a potestade de autoorganización, tendo como límite a interdicción da arbitrariedade.

A RPT do Concello de Vigo foi aprobada pola Xunta de Goberno local no ano 2010, e publicada no BOP de data 16/11/2010, publicándose no BOP de Pontevedra de 07/06/2017 “actualización de datos da Área de RRHH e Formación insertados no portal de Transparencia: proposta de aprobación do documento unificado da Relación de Postos de Trabajo. Expte 29473-220”.



## Concello de Vigo

As bases específicas de específicas correspondentes as prazas e postos que configuran a 2a fase da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 agora impugnadas polo recorrente, recollen os requisitos de titulacións esixidos de conformidade coa RPT do Concello de Vigo debidamente aprobada, sendo que a praza de enxeñeiro industrial que ten asignado un código de titulación 46 (enxeñeiro industrial ou equivalente), e as funcións propias atópanse reguladas na correspondente guía de funcións.

### VI.- Aplicación ao caso concreto.

A esixibilidade do master para o acceso ao emprego público, así como a referida interpretación do artigo 76 TREBEP, ven sendo unha cuestión controvertida, orixe de numerosa xurisprudencia. A estes efectos, a referida cuestión foi debidamente interpretada e aplicada nas Bases xerais e específicas impugnadas, de conformidade coa xurisprudencia do Alto Tribunal e os pronunciamientos xudiciais que sobre a referida cuestión vén suscitándose nas diversas convocatorias de prazas de enxeñeiro industrial nas diferentes administracións públicas.

O Acordo da Xunta de Goberno Local de 05/11/2020 polo que se aprobou a convocatoria dos procesos selectivos e bases específicas da segunda fase da Oferta de Emprego Público 2017, 2018 e 2019 establece na Base específica segunda, punto IV, respecto da praza de Enxeñeiro e segundo o seu tenor literal:

IV.- CONDICIÓN DAS E DOS ASPIRANTES. Ademais das que figuran na base 4ª das xerais, as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de enxeñeiro industrial ou máster en enxeñería industrial ou equivalente, titulación esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo. Os anteriores requisitos xustificaranse da forma prevista na base 4ª das xerais.

A sentenza nº230/17, de 28 de setembro de 2017, do Xulgado contencioso-administrativo número 1 de Vigo, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto polo Colexio de Enxeñeiros Industriais de Galicia contra o Acordo da Xunta de Goberno de 10 de xuño de 2016, a cal estimaba parcialmente o recurso de reposición interposto respecto á titulación esixida para a formación dunha bolsa de emprego para o nomeamento como funcionarios interinos de enxeñeiros industriais. No seu fallo declaraba “contraria ao ordenamento xurídico con relación ao requisito de titulación esixido; no seu lugar, declaro que a titulación dos aspirantes ao proceso selectivo debe ser a de enxeñeiro industrial ou master en enxeñería industrial ou equivalente”.

Así se recolle na Base específica Segunda no se punto cuarto establece como condicións das e dos aspirantes que ademais das que figuran na base 4a das xerais, **as/os aspirantes deberán estar en posesión do título de enxeñeiro industrial ou máster en enxeñería industrial ou equivalente, titulación esixidas para o acceso á praza segundo a vixente relación de postos de traballo.**

A maior abastanza cómpre engadir que o único master habilitante na actualidade é o Master de Enxeñería Industrial, e respecto ao título de Enxeñeiro Industrial tal e como recolle a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 8 de febreiro de 2017, **“non existe actualmente un grado que outorgue a titulación de Enxeñeiro Industrial, pois esta**

**solo se adquiere previa realización do Grado que permite acceder ao título de Enxeñeiro Técnico Industrial e posteriormente o Máster expresado”.**

As Universidades que imparten a referida titulación de máster adoptaron a denominación “master en enxeñería industrial” en cumprimento do apartado 1.1. da Orde CIN/311/2009, de 9 de febreiro: “A denominación dos títulos universitarios oficiais aos que se refire o apartado anterior, deberán facilitar a identificación da profesión para cuxo exercicio habilita e en ningún caso, poderá conducir a erro ou confusión sobre os seus efectos profesionais”.

No apartado 3 consta expresamente **“Ningún título podrá utilizar la denominación de Master en Ingeniería Industrial sin cumplir las condiciones establecidas en dicho Acuerdo y en la presente Orden.”**

Cómpre lembrar no mesmo sentido que en cumprimento da Resolución de 21 de xullo de 2015, da Dirección General de Política Universitaria pola que se publica o Acordo do Consejo de Ministros de 10 de xullo de 2015, engádense as equivalencias toda vez que é necesario ter en conta o actual Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior e o Marco Europeo de Cualificacións.

O propio Colexio recorrente establece no mesmo sentido que as bases impugnadas que: *“Es requisito indispensable, para solicitar el alta como Colegiado, estar en posesión del título de Ingeniero Industrial o Master en Ingeniería Industrial reconocido por el estado o título extranjero de Ingeniero Superior homologado o reconocido oficialmente a efectos profesionales por el Estado Español al de Ingeniero Industrial”. ([www.i-coiig.es](http://www.i-coiig.es))/Colegio/Cómo colegiarse).*

Non pode en consecuencia admitirse as alegacións vertidas polo recorrente en base aos antecedentes e fundamentos xurídicos e así, visto o Recurso interposto de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas, en relación co artigo 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, vistas as competencias establecidas no artigo 127.1.h) da referida Lei de Bases do Réxime Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** De conformidade con Informe-Proposta que antecede e pola motivación legal exposta, procede desestimar integramente o recurso interposto polo Colexio oficial de enxeñeiros industriais de Galicia (ICOIIG), con rexistro de entrada de data 17/12/2017 (doc. nº 200264900).

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo ao recorrente e ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, aos efectos oportunos.

Contra a presente resolución, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(51).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLA SECRETARÍA DO GOBERNO LOCAL DURANTE O 4º TRIMESTRE 2020. EXPTE. 950/1102.**

Dáse conta do informe-proposta de data 25/01/21, asinado pola secretaria do Goberno local e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do Orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio que literalmente expón: "As/os Concelleiras/os delegadas/os, mensualmente, darán conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor autorizados na súa área."

Proposta:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos seguintes expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor na Secretaría do Goberno Local (1102) 4º trimestre 2020:

<b>Expte.</b>	<b>Tipo</b>	<b>Asunto</b>	<b>Adxudicataria</b>	<b>Aplicación</b>	<b>Importe</b>
876/1 102	Submi- nistros	Adquisición estanterías móviles Arquivo Xeral	Mamparas y Muebles S.L. (B36848794)	9203 62990000	9.995,00 €
891/1 102	Servi- zos	Programación de apoio interconexión admva. AXE	Imatia Innovation (B36499960)	9204 2279900	11.954,80€
907/1 102	Submi- nistros privado	Adquisición publicacións	Centro de Estudios Municipales y Coope- ración Internacional (A36027092)	9203 2279900	501,06€
915/1 102	Submi- nistros	Material oficina non inventariable	María Luisa Rodríguez Solla (36065783N)	9204 2219900	170,51€
921/1 102	Submi- nistros privado	Adquisición libros Arquivo Xeral	Librouro (A36680478)	9203 2200100	909,24 €
922/1 102	Submi- nistros privado	Adquisición libros	Librouro (A36680478)	9203 2200100	81,00€

929/1 102	Submi- nistros privado	Adquisición libros	Librouro (A36680478)	9200 2200100	163,56€
931/1 102	Submi- nistros	Adquisición marco diploma	Rincón del Arte Manuel Rey Domínguez (35940439H)	9204 2219900	35,00€
935/1 102	Submi- nistro	Material informático funxible	Opción Informática B36858512	9204 2200400	164,56€
939/1 102	Submi- nistro privado	Adquisición libros	Librouro (A36680478)	9200 2200100	388,45€

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **12(52).- PROPOSTA SOBRE O LEGADO TESTAMENTARIO REALIZADO POR D<sup>a</sup> MARÍA TERESA FERNÁNDEZ CABALEIRO A FAVOR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6894/337.**

Visto o informe xurídico do 18/01/21, dáse conta do informe-proposta do 15/01/21, asinado polo director do Museo, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En data 2 de outubro de 2020 María Mercedes Fernández Cabaleiro, mediante o seu representante Ana Egerique Asesores S. L.P., presenta escrito na sede electrónica do Concello de Vigo no que comunica que a súa irmá, María Teresa Fernández Cabaleiro, viúva de Alfonso Zulueta de Haz, faleceu o 28 de agosto de 2020, deixando testamento de 24 de outubro de 2017, polo cal “se lega al Concello de Vigo la colección de libros, obras de arte y outros bienes que constan en el Catálogo elaborado por ese Ayuntamiento que se cita en el testamento”, instando ao Concello de Vigo a comunicar si acepta ou non este legado.

Na mesma data José Luís Espinosa de Soto presenta notificación notarial da mencionada herencia que incorpora copia do testamento relacionado.

En data 22 de outubro de 2020 o concelleiro delegado de cultura e emprego resolveu solicitar a quen subscribe un informe de valoración histórico-artística do legado testamentario; do cal resulta o presente informe-proposta, que fai unha valoración xeral do interese histórico-artístico que presenta o legado, estuda a súa relevancia e coherencia en relación coas coleccións de arte e historia que actualmente xestiona o museo municipal “Quiñones de León”; así como o impacto que o condicionado implícito á aceptación puidese ter sobre o desenvolvemento.

#### 1. Antecedentes

2. Análise histórico-artística do Legado Alfonso Zulueta de Haz- María Teresa Fernández Cabaleiro



## Concello de Vigo

- 2.1. Artes plásticas
  - 2.1.1. Arte contemporánea
  - 2.1.2. Arte antiga
- 2.2. Artes decorativas
- 2.3. Bibliofilia
- 2.4. Placas e condecoracións
- 3. Valoración da aceptación do legado testamentario Zulueta-Fernández Cabaleiro
  - 3.1. Consideracións xerais en materia de adquisición de bens culturais
  - 3.2. A política de adquisición de bens do Concello de Vigo con destino ao museo municipal “Quiñones de León”
    - 3.2.1. Formación da colección de arte
      - 3.2.1.1. Artes plásticas (pintura, escultura e artes relacionadas)
      - 3.2.1.2. Artes decorativas
    - 3.2.2. Formación da colección de historia e arqueoloxía
  - 3.3. O legado Zulueta-Fernández Cabaleiro no marco da política de adquisicións do Concello de Vigo
    - 3.3.1. Relación do legado coas coleccións do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”
    - 3.3.2. Condicionado da incorporación do legado testamentario Zulueta - Fernández Cabaleiro e o seu impacto no museo municipal “Quiñones de León”
- 4. Conclusións

### **1. Antecedentes**

En data 4 de agosto de 2015 o Concelleiro delegado de Cultura mostrou o seu interese por realizar a valoración dun conxunto de obras de arte, libros e obxectos diversos pertencentes aos Sres. Alfonso Zulueta de Haz e María Teresa Fernández Cabaleiro ao obxecto de estudar a súa posible doazón ao Concello de Vigo.

Seguindo as instrucións do concelleiro delegado, e coa documentación recabada polo Servizo de Museos, realizouse visita á residencia dos anteditos en Vigo; ao obxecto de visualizar a parte da colección que alí se atopaba <sup>1</sup>; informándose seguidamente de que “as obras visualizadas, consideradas individualmente, presentaban con carácter xeral, alto interese artístico e facilidade de integración nas coleccións municipais de arte galega, arte antiga e artes decorativas”.

1 A colección obxecto de estudo repartíase entre as dúas residencias dos propietarios sitas no concello de Vigo e no de Marín.

Visto o cal o concelleiro delegado resolveu en data 11 de agosto de 2015 a contratación dunha especialista para a realización do inventario pormenorizado do conxunto, documento que se achega ao presente informe como ANEXO.

Transcorridos máis de cinco anos sen que se determinara avance en ningún sentido; en data 2 de outubro de 2020 María Mercedes Fernández Cabaleiro presenta escrito na sede electrónica do Concello de Vigo<sup>1</sup> no que comunica que a súa irmá, María Teresa Fernández Cabaleiro, viúva de Alfonso Zulueta de Haz, faleceu o 28 de agosto de 2020, deixando testamento de 24 de outubro de 2017, polo cal “se lega al Concello de Vigo la colección de libros, obras de arte y outros bienes que constan en el Catálogo elaborado por ese Ayuntamiento que se cita en el testamento”, instando ao Concello de Vigo a comunicar si acepta ou non este legado.

Deste xeito a disposición segunda do testamento, que achega a sra. Fernández Cabaleiro, establece que a súa irmá “lega al pueblo de Vigo, representado polo Excmo. Ayuntamiento de Vigo, la colección de obras de arte, libros, documentos y objetos que forman parte del inventario elaborado a tal efecto por el Ayuntamiento de Vigo y están incluídos en el catálogo elaborado por los conservadores del museo de Castrelos de Vigo”<sup>2</sup>.

A aceptación do legado testamentario por parte do concello de Vigo está condicionada ó cumprimento das seguintes obrigas:

“1. El Ayuntamiento de Vigo deberá destinar los espacios que reúnan condiciones para la recepción y conservación del material incluído en el catálogo, para su disfrute por el pueblo de Vigo y deberá facilitar los recursos materiales y de personal para la adecuada catalogación, conservación, informatización y exhibición del material.

2. En un lugar visible de los locales donde se sitúe el legado deberá figurar una placa con la siguiente inscripción “Legado de Don Alfonso Zulueta de Haz e Dona María-Teresa Fernández Cabaleiro ao pobo de Vigo”.

## **2. Análise histórico-artística do Legado Alfonso Zulueta de Haz- María Teresa Fernández Cabaleiro**

O legado de D. Alfonso Zulueta de Haz e María Teresa Fernández Cabaleiro, en adiante **Legado Zulueta-Fernández Cabaleiro**, é un conxunto heteróxeneo formado por obras de arte, libros e obxectos diversos de carácter histórico-artístico dos que o matrimonio fixo acopio ao longo da súa vida.

A dimensión cultural e filantrópica de D. Alfonso e D<sup>a</sup> María Teresa é ben coñecida pola sociedade galega e está presente no espírito desta colección que, máis que por motivacións artísticas, que tamén; parece construída desde intereses de índole personal, como a súa mi-

1 A solicitude presentase por dobre vía: A traveso da representación Ana Egerique Asesores (doc. 200179442) e por notificación notarial (doc. 200179484), ambos documentos no Expdte 6894-337.

2 Na copia do testamento non se inclúe o inventario á que se fai alusión considerándose que corresponde co mencionado de 2015, o cal se inclúe como anexo do presente informe.





## Concello de Vigo

litancia na causa galeguista; as súas fondas conviccións relixiosas; ou o seu amor en xeral pola cultura e en particular polo mundo do libro.

Así pois non se trata dunha colección planificada e deseñada con arranxo a un criterio de coleccionista. Máis ben produto do propio devir vital do matrimonio, das súas relacións persoais e dos seus intereses en cada momento.

A análise da colección realizarémola a partir das súas principais seccións temáticas.

### 2.1. Artes plásticas

#### 2.1.1. Arte contemporánea

A arte galega é a máis voluminosa no capítulo contemporáneo. Está formada por 63 obras dos seguintes pintores e escultores galegos do século XX<sup>2</sup>:

- + Rafael Alonso
- + Barreiro
- + Bello Piñeiro
- + Casas
- + Castro Couso
- + Castro Gil
- + Cifuentes
- + Conde
- + Creo
- + María Antonia Dans
- + Xose Luís de Dios
- + Victoria Fernández Nóvoa (3)
- + M<sup>a</sup> Victoria de la Fuente
- + Labra (3)
- + Laxeiro (3)
- + Lodeiro (6)
- + Luaje
- + Lugrís Vadillo
- + Cristino Mallo
- + Din Matamoro
- + Xulia Minguillón
- + Mercedes Ruibal
- + Leopoldo Nóvoa (2 + postais de Nadal)
- + Pascual
- + Pedrosa
- + Pérez Bellas
- + Xavier Pousa
- + Prego de Oliver (2)
- + Antonio Quesada
- + Ribas Briones

2 Na relación indícase entre paréntese o número das obras do autor para o caso en que as súas obras na colección sexan máis de unha.

- + Sesto
- + Carlos Sobrino
- + Solla
- + Manuel Torres (12)
- + Xaime Valle Inclán
- + Villamil (2). Gravados
- + Zulueta

Desde un punto de vista numérico e de calidade das obras, os seguintes autores son os máis salientables.

**Manuel Torres** (1901-1995) presenta o conxunto máis notable formado por 12 cadros dos que 4 son obra sobre táboa e os restantes sobre papel. A continuación destacan **Lodeiro** (1930-1996) cun lenzo e 6 obras sobre papel. **Xosé María de Labra** (1925-1994) cun papel e 2 óleos de interese por tratarse exemplos da súa primeira época de tendencia figurativa e temática relixiosa. **Laxeiro** (1908-1996) cun lenzo e 2 obras sobre papel; **Leopoldo Nóvoa** (1919-2012) con 2 cadros. E o rexionalista **Bello Piñeiro** (1886-1952) cunha paisaxe.

É reseñable que dentro do conxunto atopemos unha significativa presenza de mulleres artistas, algunhas tan destacadas como **Xulia Minguillón** (1906-1965) cunha táboa de interese, obsequio persoal da pintora ao matrimonio polo seu casamento; **María Antonia Dans** (1922-1988); **Victoria de la Fuente** (1929-2009); **Mercedes Ruibal** (1928-2003); todas elas cunha obra agás **M<sup>a</sup> Victoria Fernández Nóvoa** que incorpora dúas.

Respecto da pintura española non galega, a colección é moito máis exigua destacándose **Zacarías González** (1922-2003) e **Zabaleta** (1907-1960), ambos cunha soa obra.

A presenza de escultura tampouco é significativa anque están representados tres grandes artistas galegos como **Cristino Mallo**, **Acisclo Manzano** e **Silverio Rivas**.

### 2.1.2. Arte antiga

Baixo este epígrafe agrupamos as obras de arte producidas antes do século XX.

De pintura son poucos os exemplos pero salientables por procedencia e calidade.

En primeiro lugar destaca unha *Anunciación* do pintor Lucas Valdés, artista da transición entre os séculos XVII a XVIII da escola pictórica sevillana. Contemporáneo de Murillo, fillo do célebre tenebrista Juan de Valdés Leal; Lucas naceu en Sevilla en 1661, desenvolvendo practicamente toda a súa carreira na capital andaluza ata a súa morte acontecida en Cádiz en 1725. A autenticidade desta obra vai probada polo certificado emitido pola galería madrileña Theotocopuli donde foi mercada.

Igoalmente conta con este certificado, e tamén resulta de interese, a pequena táboa relixiosa do século XVI, de autor anónimo de escola framenga, que representa o episodio da *Circuncisión de Xesús*.



## Concello de Vigo

Sen certificado, aunque tamén destacables, son a obra anónima de escola española, probablemente manierista, cuxo tema é a *Imposición da casulla a San Ildefonso*; e unha *Inmaculada* do século XVI ou máis avanzada.

No capítulo pictórico desta sección sinalar finalmente os tres retratos decimonónicos que se incorporan, dous deles de antepasados dos legatarios da man do pintor compostelán Xosé Salgado.

O conxunto numericamente máis destacado desta sección de arte antiga sería o formado por 32 tallas relixiosas de autor anónimo e pequeno tamaño. Cruces, representación de santos ou pezas de retablo de probable produción galega que non teñen máis valor que o propiamente devocional ou o de antigüidade.

### 2.2. Artes decorativas

As pezas correspondentes a artes decorativas ou aplicadas representan unha boa parte do conxunto que desexa legarse.

Destaca maiormente a cerámica formada por 73 pezas de produción posiblemente popular, con poucos exemplos de fábrica como Sargadelos, terceira época (1845-1862).

Os reloxios da colección presentan valor decorativo e de antigüidade. Son oito: un de pé, francés do século XVIII ou XIX; tres de sobremesa, tamén franceses estilo imperio do século XIX; e catro de parede dos séculos XIX e XX.

A colección restante ten moito menor interese poidendo sinalarse unicamente dous esmaltes que son obra dos Irmáns Hernández.

### 2.3. Bibliofilia

Era ben coñecida a faceta bibliófila do matrimonio legatario e proba delo son os 190 facsímiles de obras da literatura clásica e universal que constitúen este apartado. Trátase de edicións luxosas realizadas entre as décadas dos 70 do século pasado e a primeira do actual, por editoriais especializadas como Círculo del Bibliófilo, M. Moleiro ou Casariego.

### 2.4. Placas e condecoracións

Finalmente o legado completase cunha ampla colección de condecoracións, máis de cen placas, medallas, bandexas, etc. que D. Alfonso Zulueta recibiu ao longo da súa vida en recoñecemento da sociedade galega polos seus méritos a prol da causa galeguista; pola súa faceta de filantropía; ou mesmo pola súa profesión como notario.

En moitos casos tratase de figuras decorativas de produción recente de Sargadelos realizadas en series máis ou menos longas.

## **3. Valoración da aceptación do legado testamentario Zulueta- Fernández Cabaleiro**

Para mellor comprensión da pertinencia da aceptación do legado corresponde un previo análise das consideracións que con carácter xeral deben terse en conta para adquisición de bens culturais con destino a un museo; e das liñas que en particular o “Quiñones de León” ten desenvolvido ao longo da súa historia en canto a formación das súas coleccións.

### **3.1. Consideracións xerais en materia de adquisición de bens culturais con destino a un museo**

Con carácter xeral, a primeira consideración en política de adquisicións de calquera ben con destino a un museo; calquera sexa a modalidade de adquisición, quer dicir por compra, depósito, doazón; sería que o ben a adquirir sexa de natureza **coherente** respecto da colección na que pretende integrarse. É dicir que poida establecer relación xustificada (temática, técnica, cronolóxica, etc...) co conxunto no que se incorpora, incrementando sustantivamente o seu valor. Por esta razón, no mesmo sentido, o ben individualmente considerado debe ser ademais **relevante**, ter valor *per se* desde unha perspectiva histórico-artística.

A segunda consideración a ter en conta á hora de adquirir un ben sería valorar se o seu museo destino ten **capacidade** para asumir tal incorporación; é dicir que a entrada do ben en ningún caso debe supoñer un gravamen superior ao beneficio que del pretende obterse, por mor das esixencias que este traía consigo en canto, por exemplo, á súa conservación, exhibición, etc. En definitiva tratase de que a nova adquisición non comprometa as coleccións nas que quere integrarse. Desde este punto de vista debe considerarse que calquera condicionado implícito a unha adquisición resulta sempre limitativo respecto da flexibilidade de funcionamento que un museo precisa e de entrada debe evitarse valorándose unicamente, e con moita cautela, cando o valor do ben a adquirir o xustifique plenamente.

### **3.2. A política de adquisición de bens histórico-artísticos do Concello de Vigo con destino ao museo municipal “Quiñones de León”. A formación das coleccións**

Para a valoración da aceptación do legado testamentario, obxecto do presente informe; resulta igualmente imprescindible ter en conta as liñas que segue actualmente o Concello de Vigo con respecto a adquisición de bens con destino ao museo municipal “Quiñones de León”.

Estas liñas establécense a partir da propia evolución histórica do museo, determinada tanto polos seus sucesivos regulamentos - que culminan no vixente de 1981-; como doutras circunstancias que aconteceron ao marxe destes e orientaron a formación das coleccións.

As condicións de doazón da que será sé do museo, o pazo de Castrelos, sinalaron xa en 1924, previamente ao nacemento do propio museo en 1937; que a principal liña de adquisicións sería a orientada a **arte galega**, ao determinar o doante, Sr. Marqués de Alcedo, que a súa propiedade debería ser “destinada a Museo de Arte Regional”.

O regulamento de 8 de abril de 1936 recollerá e ampliará a vontade do Marqués ao sinalar, no seu artigo 3, que as futuras coleccións do museo deberían “*abarcar los siguientes aspectos a) Prehistoria y Arqueología, especialmente gallegas, con fondos procedentes de la ciudad y su comarca. b) Historia de la ciudad y de Galicia, y recuerdos de sus hijos ilus-*



## Concello de Vigo

*tres c) Arte regional, especialmente el contemporáneo, sección que debe ser objeto de especial cuidado; d) Arte en general, de todas clases e) Folklore gallego....”*

O principal fito regulamentario posterior é o que rexe actualmente de 28 de febreiro de 1981<sup>1</sup>. Amais doutras cuestións xerais fíxanse dalgún xeito as liñas de adquisición do museo cando este decide estruturarse en tres departamentos, cadanseu cunha especialidade temática: Arte, Arqueoloxía e Historia da cidade.

### 3.2.1. Formación da colección de arte

A formación dunha colección de arte será unha das principais preocupacións do Concello de Vigo con respecto ao museo municipal. Pode dividirse en dúas grandes seccións.

#### 3.2.1.1. Artes plásticas (pintura, escultura e artes relacionadas)

+ Arte galega contemporánea: arte producida en Galicia, ou por artistas galegos e galegas, durante os séculos XIX e XX. O museo municipal “Quiñones de León” posúe na actualidade a mellor colección pública de arte galega contemporánea con obras consideradas imprescindibles da creación do noso país nos mencionados séculos. A acción municipal, impulsada polos sucesivos directores e padroados, concentrou os seus esforzos na adquisición de obra dos seus contemporáneos, pechando cronoloxicamente a colección no ano 2000, ao considerar preferible afondar no período anterior a ese ano, antes que abrir unha nova liña orientada cara á arte actual do século XXI.

+ Arte europea antiga. A incorporación temprana do Legado Policarpo Sanz - formado basicamente por pintura europea dos séculos XVII, XVIII e XIX - e dos depósitos da mesma cronoloxía, realizados polo Museo Nacional do Prado pola mesma época; deron lugar a esta sección que denominaremos “pinacoteca antiga”, referíndonos co termo á pintura producida en Europa antes do século XX. Nesta sección, con obras pictóricas excepcionais, inclúese tamén unha reducida pero interesante colección de tallas relixiosas debida sobre todo a obradoiros de orixe galaica.

#### 3.2.1.2. Artes decorativas

A chegada de mobiliario e enseres diversos das residencias parisina e madrileña de D. Policarpo Sanz e a súa esposa D<sup>a</sup> Irene de Ceballos; impulsaron a idea de presentar permanentemente, na planta baixa do Pazo de Castrelos, unha recreación da residencia pacega orixinal. Esta colección, moi abundante e variada en canto a técnicas (cerámica, lámpadas, reloxis, alfombras...) creceu enormemente coa redecoración do pazo levada a cabo nos anos 60 do pasado século; e segue a ampliarse mesmo ata días recentes coa incorporación, por exemplo, da colección de cerámica decorativa da empresa Álvarez, tan vencellada á historia da cidade de Vigo.

1. Texto aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o 28 de febreiro de 1981 coas modificacións nos artigos 4 (parágrafo 20) e 21 aprobados, tamén polo Pleno da Corporación Municipal, o 29 de setembro de 1981.

### 3.2.2. Formación da colección de Historia e Arqueoloxía

Fundimos nunha sola sección as dúas que no actual regulamento figuran como obxecto de dous departamentos distintos, pois en definitiva agrupan bens nos que o valor histórico sempre prima sobre o artístico, independentemente do seu momento de produción.

A sección está formada maioritariamente por bens, procedentes de actuacións arqueolóxicas realizadas principalmente en Vigo e a súa bisbarra, do amplísimo marco cronolóxico comprendido entre os períodos máis alonxados da prehistoria (desde 120.000 a. de C.) ata pasada a romanización (século VI d. de C.).

Anque desde moi cedo considerouse que o museo municipal debía recoller bens de carácter histórico – arqueolóxico da cidade; foi a aparición casual dun singular e moi valioso conxunto de estelas funerarias de época tardorromana a que verdadeiramente motivou o impulso da colección e a creación da actual sala monográfica de arqueoloxía nos anos 50 do pasado século.

A realización de escavacións polo comisario local de escavacións, fortemente vencellado ao Quiñones de León, D. X.M. Alvarez Blázquez; e posteriormente polo que foi o seu director, Xosé Manuel Hidalgo Cuñarro; seguiron a fornecer esa primeira colección con conxuntos importantes, mesmo procedentes de lugares alonxados da cidade de Vigo.

Coa entrada en vigor da Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia; desde os pasados anos 90, o museo vai abandonar a intervención arqueolóxica directa sobre o territorio; pasando a ser unicamente depositario dos achados aparecidos na cidade en escavacións autorizadas pola Xunta de Galicia, administración que pasou a ser única titular dos mesmos.

A intensa actividade urbanística desenvolvida na cidade, coa arqueolóxica que en moitos casos esta conleva, motivaron que a colección de arqueoloxía crecese de xeito expoñencial nas últimas décadas; podendo dicirse que hoxe é coantitativamente a máis importante do museo.

Moi distinto do acontecido coa outra parte desta colección, a relativa a bens “históricos” da cidade, considerando por tales os encadrados entre o período da Idade Media e a actualidade. Neses ámbitos a colección apenas tivo desenvolvemento e limitase practicamente aos escasos, anque valiosos, testemuños materiais representativos de episodios senlleiros da historia de Vigo como a Reconquista.

### **3.3. O legado Zulueta-Fernández Cabaleiro no marco da política de adquisicións do Concello de Vigo**

Partindo das consideracións xerais expostas e das liñas que en particular segue o Concello de Vigo en materia de adquisición de bens histórico-artísticos con destino ao museo municipal “Quiñones de León”; realízase a valoración da aceptación do legado testamentario Zulueta- Fernández Cabaleiro.

#### **3.3.1. Relación do legado coas coleccións do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”**



## Concello de Vigo

Tal e como se expuso o legado testamentario Zulueta - Fernández Cabaleiro é un conxunto heteroxéneo formado fundamentalmente por obras de arte, bibliofilia e condecoracións das que foi obxecto D. Alfonso Zulueta.

Reiterando o exposto, as artes plásticas representan un dos capítulos máis destacados, especialmente a colección de pintura galega do século XX. Poñendo en relación o número de obras e a súa calidade é salientable a representación dos artistas Manuel Torres, Leopoldo Nóvoa ou Xose María de Labra; e en menor medida Laxeiro e Lodeiro. Tamén deben considerarse as obras realizadas por artistas galegas, en particular Xulia Minguillón, María Antonia Dans ou Victoria de la Fuente. Anque os restantes pintores galegos presentes no legado resultan variables en canto a número e calidade, **conclúese que este conxunto resulta homoxéneo, relevante e coherente coa colección de arte galega do museo municipal “Quiñones de León” presentando polo tanto unha fácil integración nela.**

A colección de **pintura española**, tanto a antiga como, en menor medida, a contemporánea; é moi reducida en número de obras. Presenta sen embargo certo interese e **atópase compatibilidade** coas coleccións propias do Quiñones de León referidas á mesma procedencia e cronoloxía, como o Legado Policarpo Sanz ou os depósitos históricos do Museo Nacional do Prado.

En relación as **artes decorativas** do legado a aportación resulta menor pero significativa. A colección de reloxios, por exemplo, se ben numericamente escasa; ou de cerámica, maiormente a vinculada a arte popular española; presentan tamén **fácil conexión coas coleccións** que destes obxectos posúe o Quiñones de León. De moito menor interese son as talas relixiosas de produción popular e, como se dixo, cun valor máis histórico que artístico.

As restantes coleccións que forman o legado Zulueta - Fernández Cabaleiro non se consideran de especial relevancia nin presentan coherencia coas liñas de colección actualmente definidas para o museo municipal. O conxunto de bibliofilia que aporta o legado está formado por exemplares facsimilares de finais do século XX ou comezos do actual. A biblioteca de carácter histórico do “Quiñones de León” é moi reducida e está formada por exemplares orixinais do século XIX; de xeito que nunca se considerou no museo a apertura dunha liña de adquisición de obxectos destas características.

Por último, en relación ao conxunto de placas e condecoracións que achega o legado, recoñecemento da sociedade galega aos merecidos valores de D. Alfonso Zulueta; non consideramos que teñan valor significado de carácter artístico ou histórico. Trátase de obxectos realizados en series máis ou menos longas, que non achegan información valiosa do legatario máis alá do recoñecemento público mencionado.

**Visto o cal conclúese que, só de xeito parcial, nas súas seccións de artes plásticas e decorativas, o legado testamentario Zulueta - Fernández Cabaleiro resulta coherente e relevante en relación coas actuais coleccións do museo municipal “Quiñones de León”.**

3.3.2. Condicionado da incorporación do legado testamentario Zulueta - Fernández Cabaleiro e o seu impacto no museo municipal “Quiñones de León

A segunda consideración á hora de ponderar a aceptación do legado testamentario sería valorar a capacidade do museo para asumir tal incorporación posto que se trata dun legado condicionado e non de libre disposición.

Son dúas condicións as inherentes á aceptación do legado:

*1. El Ayuntamiento de Vigo deberá destinar los espacios que reúnan condiciones para la recepción y conservación del material incluído en el catálogo, para su disfrute por el pueblo de Vigo y deberá facilitar los recursos materiales y de personal para la adecuada catalogación, conservación, informatización y exhibición del material.*

*2. En un lugar visible de los locales donde se sitúe el legado deberá figurar una placa con la siguiente inscripción "Legado de Don Alfonso Zulueta de Haz e Dona María-Teresa Fernández Cabaleiro ao pobo de Vigo."*

Da lectura do condicionado desprendese que a principal esixencia a asumir polo Concello de Vigo, caso da aceptación do legado sería a creación dun espazo específico de exhibición permanente para a colección legada.

Do condicionado extraese igoalmente que estamos ante un legado INDIVISO, é dicir, que, alomenos na súa exhibición, non pode fraccionarse ou compartir espazo, na mesma sala, con obxectos alleos ao propio legado posto que determina que *"en un lugar visible de los locales donde se sitúe el legado deberá figurar una placa con la siguiente inscripción "Legado de Don Alfonso Zulueta de Haz e Dona María-Teresa Fernández Cabaleiro ao pobo de Vigo"*.

Na práctica, como se dixo, esta condición implica a creación dunha sala monográfica Zulueta-Fernández Cabaleiro, permanente e exclusiva, dedicada a exposición do legado testamentario sen que as súas pezas poidan exhibirse separadas do conxunto para integrarse individualmente nunha exposición máis ampla con obxectos doutras coleccións ou procedencias.

Para o museo municipal esta condición resulta claramente limitativa e compromete a flexibilidade que a exhibición da súas coleccións precisa. Abondando no xa exposto anteriormente, a exposición que realice un museo deriva da lectura que dos seus obxectos fagan en cada o momento os seus contemporáneos. E por elo que o museo deba contar sempre coa máxima liberdade para incorporar ou retirar elementos da súa exposición en función da interpretación que determine cada época. A aceptación de condicionados destas características comprometería polo tanto, en definitiva, a liberdade de actuación do museo tanto no presente como no futuro.

A aceptación do legado Zulueta-Fernández Cabaleiro obrigaría en primeira instancia ben ó baleirado dalgunha das limitadas salas do pazo de Castrelos para presentalo - desprazando parte da colección actual a almacén e rompendo así a homoxeneidade da exhibición actual-; ben dedicarlle algunha sala das que para as súas exposicións temporais de arte galega emprega o museo na Pinacoteca Francisco Fernández del Riego, limitando a exhibición dos innumerables fondos desta colección.





## Concello de Vigo

En evitación destes inconvenientes é que o museo municipal “Quiñones de León” ten rexeitado nos últimos vinte anos, durante a dirección do que subscribe, toda doazón condicionada á exposición, tratamento ou difusión dos obxectos doados; non aceptando así, pese aos comprensibles desexos de moitos doantes, a incorporación, por exemplo, de placas ou lendas acompañando á exhibición das obras<sup>1</sup>; condición que tamén esixe o legado.

Fora do marco do museo municipal, o Concello de Vigo só moi excepcionalmente ten aceptado legados condicionados e unicamente sempre que se considerou que a dimensión e importancia dos bens que se adquirían así o xustificaba<sup>2</sup>.

### 4. CONCLUSIÓNS

Visto todo o cal, da análise do valor histórico-artístico do legado testamentario Zulueta-Fernández Cabaleiro, así como do condicionado que vai implícito á súa aceptación por parte do Concello de Vigo; considéranse as seguintes conclusións.

1. O legado testamentario Zulueta-Fernández Cabaleiro é un conxunto heteroxéneo formado fundamentalmente por obras de arte, artes decorativas, pezas de bibliofilia, placas e condecoracións que resulta relevante pero só parcialmente coherente respecto das coleccións do museo municipal de Vigo “Quiñones de León” e das liñas de adquisición que para este museo se seguen actualmente.

2. O legado testamentario Zulueta-Fernández Cabaleiro formúlase condicionado ao cumprimento de determinados requisitos, establecéndose como indiviso na súa exhibición; o cal implicaría a creación dunha sala monográfica dedicada á súa exposición permanente; así como a imposibilidade de integración de calquera dos seus obxectos separadamente noutras exposicións con obxectos procedentes doutras coleccións; condición que resulta claramente limitativa para o funcionamento actual e desenvolvemento futuro do museo municipal “Quiñones de León”; e mesmo da actual rede de museos municipais.

---

1. Este criterio parte dunha tendencia xeralizada nos museos europeos, particularmente de tradición mediterránea ou francesa, que unicamente ante conxuntos moi significativos, equilibrados, coherentes e por razóns puramente artísticas e históricas aceptan a imposición de condicións. En España atopamos moitas referencias neste sentido expresadas por varios museos abertamente nos seus medios dixitais como a Real Academia de BBAA de San Fernando, o Museo del Traje, Nacional Cerámica, Museo Cerralbo, etc.; ou en entrevistas aos directores dos centros como é o caso de Bartomeu Marí ao respecto do MACBA: *“Acerca de la existencia de posibles condiciones para la donación, como las que puso, por ejemplo, Várez Fisa -una sala para las obras, un tiempo límite para que sean expuestas-, Marí responde que “el MACBA no puede aceptar condiciones contra la donación, no puede hipotecar su programa” (En Elena Voz Mediano. “¿Cómo hacer una donación?”. El cultural. 13 de febreiro de 2013. <https://elcultural.com/como-hacer-una-donacion>).*

2. Independentemente das liñas adoptadas para o Museo Municipal, o Concello de Vigo ten aceptado conxuntos artísticos condicionados como o colección de D. Francisco del Riego (1995), formada por máis de 250 obras de arte de gran valor histórico-artístico; a monográfica do pintor vigués Luis Torras (1998); ou a Colección Colmeiro (2017), en réxime de comodato formada por case 200 obras do artista de primeiro nivel.

Visto todo o cal, co informe favorable da Secretaria de Administración Municipal; coa conformidade do Xefe do Servizo do Servizo de Promoción e Xestión Cultural; e do Concelleiro Delegado da Área de Cultura e Emprego; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

#### PROPOSTA.-

"Renunciar ó legado testamentario realizado por D<sup>a</sup> María Teresa Fernández Cabaleiro a favor do Concello de Vigo, mediante o seu testamento de 24 de outubro de 2017; vistas as condicións ás que este queda sometido, particularmente en canto á súa exhibición permanente en sala monográfica titulada".

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **13(53).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE MANTEMENTO PREVENTIVO, CORRECTIVO E REGULAMENTARIO DOS ELEVADORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E PLATAFORMA SALVAESCALEIRAS EN DEPENDENCIAS DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS. EXPTE. 2687/341.**

Visto o informe xurídico do 15/01/21 e o informe de fiscalización do 21/01/21, dáse conta do informe-proposta do 12/01/21, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.
- Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

#### **ANTECEDENTES**

No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 3 de xaneiro de 2020.
- Resolución do concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 3 de xaneiro de 2020, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.



## Concello de Vigo

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e resolución de continuidade do expediente asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura con data 2 de decembro de 2020.
- Memoria económica redactada, con data 7 de decembro de 2020, polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Documento económico de retención de crédito da Intervención Xeral de data 7 de decembro de 2020.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 9 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Memoria xustificativa de data 8 de xaneiro de 2021, redactada polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.
- Informe de data 11 de xaneiro de 2021, da técnica de Administración Xeral sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 11 de xaneiro de 2021, redactado polo servizo de Contratación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro:** De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2.m da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades culturais.

**Segundo:** O expediente de contratación se iniciará polo órgano de contratación de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público; no Concello de Vigo esta competencia atopábase delegada nos Concelleiros de Area segundo o Decreto de delegación de competencias de Alcaldía do 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno local da mesma data.

**Terceiro:** En cumprimento do establecido no artigo 28 da LCSP o concelleiro-delegado da Área de Cultura asinou o informe da necesidade e idoneidade da contratación da prestación de servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario de aparellos elevadores, portas automáticas e plataforma salvaescaleiras en dependencias da Rede de Museos Municipais.

**Cuarto:** En cumprimento do establecido no artigo 116.1. LCSP, consta no expediente, o decreto da orde de inicio asinado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

**Quinto:** De acordo co establecido no artigo 116.4 LCSP consta a memoria xustificativa asinada pola Xefe do Servizo de Xestión e Pomoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, e o prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 da LCSP), así como o prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola técnico de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación.

**Sexto:** Na memoria xustificativa xustifícase, entre outras cuestións, a insuficiencia de medios (art. 116 da LCSP), a non división en lotes (artigo 99.3 LCSP), o prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (art. 29 LCSP), o prezo do contrato, o orzamento base de licitación e o valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) ao que fai refe-

rencia o art. 102 da LCSP, que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril), as condicións especiais de execución (art 202.1 da LCSP), a elección dos criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (art. 145.1 da LCSP), a forma de aboamento do prezo (art 67.2ñ do RL-CAP) e o lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (art. 67,5f e 67.7.e do RLCAP).

**Sétimo:** No relativo á clasificación do contrato trátase dun contrato de servizos segundo o establecido no artigo 17 Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público. O contrato ten carácter administrativo de acordo ao disposto no artigo 25 da LCSP. A forma de tramitación será a ordinaria.

A adxudicación do contrato realizarase a través dun procedemento aberto, simplificado e abreviado, de acordo co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

**Oitavo:** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Noveno:** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento foi emitido pola Intervención Xeral con data 7 de decembro de 2020.

**Décimo:** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, coas conformidades do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto, simplificado e abreviado, dos servizos de mantemento preventivo, correctivo e regulamentario de aparellos elevadores, portas automáticas e plataforma salvaescaleiras en dependencias da Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 9 de decembro de 2020, redactado polo xefe do servizo de Museos Municipais e mailo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural.

3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 11 de xaneiro de 2021, redactado polo Servizo de Contratación.



## Concello de Vigo

4º.- Autorizar o gasto por importe total de **21.764,92 €** (vinteún mil setecentos sesenta e catro euros con noventa e dous céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 3.777,38 € (tres mil setecentos sententa e sete mil euros con trinta e oito céntimos), con cargo á aplicación orzamentaria 3330.227.99.06 “Mantemento elevadores”, según o seguinte detalle:

<b>2021 (abril-dецembro)</b>	<b>2022</b>	<b>2023 (xaneiro-marzo)</b>
8.161,84 €	10.882,46 €	2.720,62 €

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(54).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROSAL”. EXPTE. 4255/443.**

Visto o informe de fiscalización do 22/01/21, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 11.03.2019 resolveu autorizar o gasto e o contrato para redacción do proxecto de Humanización da rúa Rosal a favor da empresa Interurban SAU.

II.- A empresa Interurban SAU presenta proxecto de “HUMANIZACION DA RÚA ROSAL”, redactado polo Enxeñeiro Civil Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (385.816,68 €).

III.- Á vista da entrega da documentación presentada por parte do equipo redactor do proxecto, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, en data 15.05.2019, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola na rúa Rosal e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

➤ O proxecto presentado prantexa a descrición así como a valoración das mesmas en dúas fases unha que se atinxe especificamente ao vial de baixada a rotonda de acceso e outra fase, que abarca a remodelación da praza da propia estación.

- Procederáse a retirada do mobiliario existente na rúa, para a continuación a demolición de beirarrúas e retirada dos bordos existentes, así como a demolición dos pavimentos existentes.
- Unha vez efectuada as demolicións procederáse a efectuar a escavación de gabias para a renovación da rede de abastecemento a base de tubaxe de fundición dúctil Ø 200 m, asentado sobre cama de area, cos seus correspondentes elementos especiais de conexión, rede de rego, coa súa correspondente tubaxe arquetas e elementos electrónico de regulación. Tamén contempláse a renovación dos colectores de saneamento e drenaxe cos Ø de tubaxe de PVC, definidos no proxecto, cos seus correspondentes sumidoiros pozos e arquetas de conexión, así como as conexións coas redes existentes. A continuación procederáse ao recheo das correspondentes gabias a base de material de préstamo seleccionado, estendido e compactado en capas de 20 cm., de espesor con grao de compactación do 95%., para efectuar as canalizacións de redes soterrados de subministro de enerxía e alumado público, segundo os esquemas do proxecto, así como a comprobación de estado do resto de redes existentes na rúa.
- Posteriormente unha vez confeccionada a explanada no seu conxunto, procederáse a efectuar a pavimentación, diferenciado no tipo de pavimentación entre beirarrúas, estas a base de formigón en masa HM-20 de 10 cm., de espesor e acabado con baldosa de lousa de baldosa hidráulica. Diferenciado o tipo de lousa nas zonas de paso de peóns. Así mesmo entre calzada e beirarrúa colocárase o bordo formado por pezas de granito flameado sobre soleira de formigón, efectuando pezas especiais nos encontros en esquinas e paso de peóns. Na zona de rodadura previo reposición de zona firme nas gabias a base de formigón en masa HM-20 de 20 cm de espesor efectuaráse o correspondente fresado capa de rego de adherencia e posterior mezcal bituminosa en quente ac16 surf 50/70 en capa de rodadura cun espesor de 5 cm.
- Posterior finalización a base de dotación de xardinaría, farois de alumado público, elementos de protección, decorativo, mobiliario, semaforización e sinalización correspondente.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

IV.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 20.01.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca unha zona de solo urbano consolidado, non se trata dunha actuación de nova apertura de vial, senon de obras de conservación do vial e servizos existentes polo tanto as mesmas están axeitadas as ordenanzas urbanísticas de aplicación.

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.



## Concello de Vigo

### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considerásen adecuados para a execución do contrato, estimábase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

## ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “HUMANIZACION DA RÚA ROSAL”, redactado polo Enxeñeiro Civil Roberto Aya Vidal, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS DEZASEIS EUROS con SESENTA E OITO CÉNTIMOS (385.816,68 €) e data Xaneiro de 2021.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(55).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE”. EXPTE. 701/441.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 25/01/21, dáse conta do informe-proposta do 25/01/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 21/02/2018, resolveu autorizar o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a prol do Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Alberto Moreno Pike,

**2º.-** O Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos, D. Alberto Moreno Pike presenta borrador do proxecto “IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE”, cun orzamento base de licitación máis IVE de 2.967.996,94 euros.

**3º.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 27/10/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 28/10/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 05/11/2020 aprobou o proxecto de “IMPLANTACION DE VIA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZAIZ 2ª FASE”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS MILLÓNS NOVECIENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CENTIMOS (2.967.996,94 EUROS) de data febreiro de 2020, e con sinatura dixital de data 17/10/2020.

**4º.-** O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 12/11/2020, aprobou inicialmente o expediente núm. 680/441, aprobación inicial da modificación orzamentaria núm. 63/2020 – crédito extraordinario financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 1532.619.00.65 “2ª Fase integración urbana Vía Verde” . A devandita modificación foi aprobada definitivamente na sesión extraordinaria de data 1

**5º.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:





## Concello de Vigo

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 05/11/2020 que se corresponde cos expediente administrativo 4836/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, D. Alberto Moreno Pike, con sinatura dixital de data 17.10.2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en datas 16/11/2020 e 17/11/2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 17/11/2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 25/11/2020.
- E) Memoria económica do servizo xestor de data 20.11.2020, así como dilixencia trala aprobación definitiva da modificación orzamentaria de data 21.12.2020
- F) Certificado de existencia de crédito (RC nº 202000080411) asinado polo Director Superior Contable en data 23.12.2020.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 23.12.2020
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 28/12/2020..
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 28/12/2020.
- J) Informe complementario á memoria xustificativa de data 13.01.2021
- K) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 18/01/2021.
- L) Dilixencia do Servizo de Contratación de data 22.01.201 indicando os aspectos corrixidos no PCAP
- M) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 22/01/2021

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da

LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 27/10/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** En canto a tramitación anticipada de expedientes de contratación para as Entidades Locais, o apartado 2º da Disposición adicional terceira da LCSP establece que poderanse tramitar anticipadamente os contratos cuxa execución material haxa de comezar no exercicio seguinte ou aqueles cuxa financiamento dependa dun préstamo, un crédito ou unha subvención solicitada a outra entidade pública ou privada, sometendo a adxudicación á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que han de financiar o contrato correspondente.

Por tanto, desde a entrada en vigor da LCSP, e coas condicións que determina a Disposición adicional terceira da mencionada norma, as Corporacións Locais están habilitadas para utilizar a figura da contratación anticipada.

**Quinto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril)

**Sexto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP)

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato mixto de obra e servizo do proxecto de **“IMPLANTACIÓN DE VÍA VERDE SOBRE O ANTIGO TRAZADO FERROVIARIO ENTRE TEIS E URZÁIZ 2ª FASE”**, redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos D. Alberto Moreno Pike, cun orzamento base de licitación máis de IVE de 2.967.996,94 euros.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 22/01/2021.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **DOUS MILLÓNS NOVECENTOS SESENTA E SETE MIL NOVECENTOS NOVENTA E SEIS EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (2.967.996,94 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE De 515.106,91 euros.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.65 (2ª Fase integración urbana Vía Verde), provinte da



## Concello de Vigo

modificación orzamentaria núm. 63/2020, crédito extraordinario (expediente 680/441), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	2.197.043,98 €
TOTAL	2.197.043,98 €

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(56).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (ENTRE TRAVESÍA FOXOS E RÚA ENRIQUE LORENZO)”, EXPTE. 4187/443.**

Visto o informe de fiscalización do 25/01/21, dáse conta do informe-proposta do 22/01/21, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En data 14/01/2021 a Xunta de Goberno Local aprobou o o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo” para a fase de supervisión, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DEZASETE MIL SETECENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON SETENTA E SEIS CÉNTIMOS (317.735,76 €) e data decembro de 2020 e con data da sinatura dixital de 22 de decembro de 2020.

II.- Detectado un erro no orzamento base de licitación, procédese a súa corrección sendo o importe correcto de TRESCENTOS DOCE MIL CATROCENTOS SETENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (312.471,95 €), coa conseguinte nova presentación do proxecto pola empresa GALAICONTROL, S.L. o 20/01/2021 e sinatura dixital da mesma data

III.- A Enxeñeira da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asistencia Municipal emite en data 21/01/2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente no que expón o seguinte:

“(…)

A rúa Purificación Saavedra, no tramo obxecto do presente proxecto, está indicada como solo urbano consolidado no planeamento actualmente vixente do concello de Vigo (PXOU 93) e cumpre os requisitos para considerarse incluída en dita clasificación (existencia de zonas reservadas ao tráfico peonil, firmes adecuados, existencia de servizos de

abastecemento, saneamento e recollida de augas pluviais, electrificación, gas e telecomunicacións).

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

#### CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

#### CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP, e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta do informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).



## Concello de Vigo

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

Aprobar o proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA PURIFICACIÓN SAAVEDRA, FASE II (entre Travesía Foxos e rúa Enrique Lorenzo", cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS DOCE MIL CATROCENTOS SETENTA E UN EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (312.471,95 €) de data 20/01/2021 e sinatura dixital 20/01/2021

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- Expediente de contratación do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias no Concello de Vigo. Expte. 641/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **17(57).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMEN- TO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 641/441.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe xurídico de 22/01/21 e o informe de fiscalización do 27/01/21, dáse conta do informe-proposta do 19/01/21, asinado polo o xefe do Servizo

Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Fomento e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**1º.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 07.11.2014 acordou entre outros adxudicar a CIVIS GLOBAL S.L. a contratación do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (expediente 71048-250). por un prezo total de 6.400.000 euros (IVE engadido) e unha baixa proporcional única do 29,74% respecto dos prezos unitarios do contrato fixados no Anexo I ao Prego de Prescricións Técnicas Particulares. O antedito contrato formalizouse en data 28.11.2014, establecéndose como data de inicio 01.12.2014 e duración de 4 anos

**2º.-** En datas 18.10.2018 e 23.05.2020, a Xunta de Goberno Local aprobou sendas prórrogas do contrato do Servizo de acondicionamento, mantemento e arranxo das infraestruturas viarias do Concello de Vigo por prazo dun ano cada unha delas, en favor da empresa CIVIS GLOBAL S.L, rematando o mesmo en data 30 de novembro de 2020.

**3º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnico de Xestión, o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, o Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario en data 22.10.2020, onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 22.10.2020
- c) Memoria económica asinada pola Técnico de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 26.11.2020.
- d) Certificado de crédito RCFUT nº 202000072559 asinado polo Director Superior Contable.
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 15.01.2021.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP redactada polo Servizo Xestor, e asinada en datas 15 e 18 de xaneiro de 2021.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral en data 16.12.2020.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.01.2021.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica ou profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 da LCSP. . Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do **SERVIZO DE MANTEMENTO, ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS NO CONCELLO DE VIGO.**

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e polo Xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas en data 15.01.2021.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 19.01.2021.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **“OITO MILLÓNS CATROCENTOS MIL EUROS” (8.400.000,00€)**, sendo o importe correspondente ao **IVE de 1.457.851,24 €.**

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532 210 00 01 (Contrato de mantemento de viais e espazos públicos), de acordo coas seguintes anualidades:

2021	1.400.000,00 €
2022	2.100.000,00 €
2023	2.100.000,00 €
2024	2.100.000,00 €
2025	700.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>8.400.000,00 €</b>

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **18(58).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez